



Concello de Vigo

JOSE RIESGO BOLUDA, SECRETARIO XERAL DO PLENO DO CONCELLO DE VIGO,

CERTIFICA: Que o Pleno do Concello, en sesión extraordinaria do día **15 de novembro de 2018**, adoptou o seguinte acordo:

2.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DO CONCELLO PARA O ANO 2019. EXPTE. 55/142 (REXISTRO PLENO 1906/1101)

ANTECEDENTES.- Can data 17.10.2018, o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, Sr. Aneiros Pereira, formula a seguinte proposta:

“O Proxecto de Orzamentos do ano 2019, encomezou o proceso de formación coa elaboración das normas e criterios que se deberían ter en conta para a súa formación.

Os marcos orzamentarios remitidos ao MINHAP, para o período 2019-2021, asinado en data 14/03/2018, nº rexistro 2018-00166121-E dos que se deu conta ao Pleno da Corporación na sesión ordinaria de 28 de marzo de 2018, marcan o contexto xeral no que se teñen que formar.

O segundo paso que fundamenta a formación do orzamento, é o cumprimento, aprobación e remisión das liñas fundamentais do Orzamento para o ano 2019, que foron aprobadas por Resolución da Alcaldía Presidencia de 10/09/2018, asinadas e enviadas ao Ministerio de Hacienda o 10/09/2018, das que se deu conta ao Pleno da Corporación na sesión ordinaria do 26 de setembro.

Polo tanto, o criterio xeral de formación está delimitado polo marco orzamentario e as liñas fundamentais do orzamento, ambos documentos remitidos ao Ministerio de Facenda, así como a Autoridade Fiscal Independente.

Os criterios que se estableceron nos documentos precitados, foron aplicados ao Proxecto do Orzamento, coa variación en relación co capítulo de investimentos, que a teor dos acordos adoptados, a contía é maior ca prevista no marco orzamentario de medio prazo, e axustada a contía prevista nas liñas fundamentais do orzamento enviadas, aínda que sen repercusión na Regra Fiscal de Gasto, xa que ao ser subvencións finalistas, non computan no cálculo.

Así mesmo, hai que ter en conta os acordos adoptados en relación cos obxectivos previstos para continuar pola senda da consolidación fiscal en relación coas regras fiscais de gasto, estabilidade orzamentaria e endebedamento para o seguinte trienio.

O acordo adoptado polo Consello de ministros o 20 de xullo de 2018, foi rexeitado polo Pleno do Congreso na sesión do 27 de xullo, polo que están prorrogados os aprobados polo Consello de Ministros en sesión de 7 de xullo de 2017. O Consello de Ministros en sesión do 15/10/2018 ratificou o acordo de 20 de xullo.

O artigo 15.6 da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria establece que, despois do rexeitamento das Cortes ao teito de gasto, o Goberno ten que volver remitir un novo acordo nun prazo máximo dun mes.

A esta data non hai acordo das Cortes sobre os obxectivos fiscais.



En consecuencia, os obxectivos a ter en conta, son os prorrogados do ano 2017 aplicables ao período 2018-2020.

Obxectivos, % sobre PIB (±). Proposta rexeitada, Consello Ministros 20/07/2018				Obxectivo estabilidade (±), % s/PIB. Prórroga C.M 7/7/2017		
Subsectores	2019	2020	2021	2018	2019	2020
Administración Central	-0,40%	-0,10%	0,00%	-0,70%	-0,30%	0,00%
Seguridade Social	-1,10%	-0,90%	-0,40%	-1,20%	-1,10%	-0,50%
Comunidades Autónomas	-0,30%	-0,10%	0,00%	-0,30%	-0,10%	0,00%
Entidades Locais	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
Total	-1,80%	-1,10%	-0,40%	-2,20%	-1,50%	-0,50%

Débeda segundo PDE, % sobre PIB, proposta rexeitada				Débeda segundo PDE, % s/ PIB, prórroga		
Subsectores	2019	2020	2021	2018	2019	2020
Administración Central e Seguridade Social	70,10%	68,90%	67,20%	70,90%	69,70%	67,70%
Comunidades Autónomas	23,70%	23,00%	22,20%	24,00%	23,10%	22,30%
Entidades Locais	2,30%	2,20%	2,10%	2,70%	2,60%	2,50%
Total	96,10%	94,10%	91,50%	97,60%	95,40%	92,50%

(TRCPIB) s/PIB, proposta rexeitada				(TRCPIB) s/PIB, prórroga		
Subsectores	2019	2020	2021	2018	2019	2020
Entidades Locais	2,70%	2,90%	3,10%	2,40%	2,70%	2,80%

O Proxecto de Orzamento que se presenta está a encadrarse no Marco Orzamentario de medio prazo e nas liñas fundamentais remitidas ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento do previsto no artigo 6 e 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Como criterio máis salientable do anteproxecto, tendo en conta a TRCPIB e os límites que cada ano se aproban como fórmula para conter o gasto dentro da proxección da economía, está o control na evolución do gasto corrente non financeiro que ven sendo unha norma xeral nestes últimos anos. A tal efecto, véñense adoptando medidas de contención do gasto voluntario e operativo, aumentando os empregos nas dotacións en políticas sociais, educativas, emprego, cultura, deportes e sobre todo, na prestación dos servizos públicos básicos.

Tal e como se fai constar na Memoria e no informe económico do estado de gastos, as políticas de prestación de servizos básicos e as de promoción social tiveron crecementos importantes, moi por encima da TRCPIB e da previsión de variación do PIB.

O Proxecto está artellado igual que nos anos precedentes, nun contexto económico dun pequeno crecemento de ingresos, aínda que as previsións do FMI estiman un crecemento do PIB₂₀₁₉ do 2,2%, o Banco de España sitúa este crecemento no 2,4%, FUNCAS estima o crecemento nun 2,2% e o Goberno nun 2,3%, sendo o crecemento dos recursos propios previsto no proxecto de Orzamentos inferior que o previsto para estas macrovariables.

A esta data, non está en trámite o Proxecto de Orzamento Xeral do Estado para o ano 2019, polo tanto, hai unha ausencia absoluta de información, sendo a base de cálculo dos ingresos que se reflicten no Proxecto de Orzamento que se tramita, a Liquidación Orzamentaria do ano 2017 e as previsións de Liquidación para o ano 2018, información que figura no expediente.

Se se ten en conta a totalidade dos recursos correntes non financeiros, a variación entre o ano 2018 e o previsto para o ano 2019, é do 2,63% en termos



consolidados, xustificado nos informes técnicos que se incorporan ao expediente.

En canto á cesión dos tributos do Estado e o Fondo Complementario de Financiamento, as previsións coas que se está a traballar, son as correspondentes ás entregas a conta do ano 2018, sin que se estea a estimar a liquidación definitiva do ano 2017.

A transferencia da Administración Central ao Transporte Publico colectivo urbano mantén a previsión de ingreso do ano 2018.

Na análise das variacións que se reflicten, están referenciadas aos estados consolidados.

As achegas ao Transporte colectivo urbano e as da Lei de dependencia e drogodependencia, son axudas que son consideradas afectadas aos efectos da Regra Fiscal de Gasto.

Para o ano 2019, non se propuxo a actualización des Ordenanzas Fiscais, aínda que a variación do PIB₂₀₁₉ vai estar nunha horquilla entre o 2,2% e o 2,4%, a variación do IPC interanual que se toma aos efectos de actualización dos tipos fiscais foi do 2,1% e a TRCPIB₂₀₁₉ é dun 2,7%, concorrían polo tanto as circunstancias para unha actualización, aínda que, tendo en conta a situación económica xeral, considerouse que nesta conxuntura era máis oportuno non alterar os tipos fiscais.

A variación no capítulo 1 é do 0,91%, xustificada nas melloras censais, tanto do IBI, IBICE, IVTM e no IAE, producíndose aumentos en todos eles.

As variación que se producen no capítulo 2 é do 0,69%, ten causa nos axustes relacionados coa cesión do IVE e II.EE, axustando as contías ás entregas a conta do ano 2018.

O Capítulo III, ten unha variación do 2,02%, sendo a base de cálculo a información sobre la Liquidación do ano 2017 e as previsións de liquidación do ano 2018, información que tamén foi remitida ao MINH e que ten a súa xustificación no informe económico de ingresos.

En canto a participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, mantéñense as achegas do ano precedente computando unha previsión de liquidación como en anos anteriores.

As axudas a Drogodependencia manteñen o mesma previsión ca do ano 2018.

O Servizo de Axuda no Fogar aumenta a súa previsión, xustificada polo incremento no número de horas na prestación + 128.497,21 horas, polo que, como a Xunta de Galicia financia unha parte do custe, 9,7 euros hora, as previsións que se fixeron axústanse ás horas de servizo que hai que prestar, tendo a sua contrapartida no incremento do custe do contrato.

Na cuantificación das previsións contidas no capítulo 7 do estado de Ingresos, -Subvencións de Capital-, a súa orixe é o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible e Integrado para o período 2014-2020 e os Convenios asinados con outras Administracións, quedando a súa composición reflectida con gran detalle na Memoria e no Informe económico de gastos, onde quedan asociadas as contías de cada un dos ingresos e a súa aplicación. Tamén no Plan de investimento e Financiamento a catro anos, amósase para cada un dos empregos, o tipo de financiamento asociado.

En canto aos pasivos financeiros, este é o quinto ano que o proxecto de Orzamento que se somete a aprobación, non ten previsto o financiamento con apelación ao mercado de capitais, estando financiado tanto os empregos correntes non financeiros como os de capital non financeiro, con recursos propios ou convenios con outras administracións.

Artellado o expediente que conforma o Proxecto de Orzamento Xeral para o ano 2019, que está integrado polo da propia Entidade e o Organismo Autónomo Administrativo XMU, visto que o expediente está completo, axustándose ao



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15

Páxina 3 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

regulamentado nos artigos 165 a 167 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, comprobado que a súa elaboración axustouse ás directrices dadas, verificado que as dotacións que nel figuran cobren todos os contratos e prestacións necesarias para o bo funcionamento dos servizos e quedando reflectidos a totalidade dos compromisos, en uso das competencias que me foron delegadas pola Resolución da Alcaldía de 19 de Xuño de 2015, propónse ao Pleno da Corporación, previo acordo da Xunta de Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o ano 2019, integrado por:

- Orzamento da Entidade Local.
- Orzamento do Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo.

A clasificación e ordenación dos recursos e empregos e a seguinte:

Clasificación por Áreas de Gastos.

Clasificación por Áreas de Gastos e Capítulos

Clasificación por programas de gastos con resume por capítulos.

Clasificación por capítulos de Gastos e Ingresos.

Clasificación económica de ingresos.

Todos os estados orzamentarios están referidos á Entidade e aos estados consolidados.

Achégase a información completa referida igualmente ao Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo.

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DO ESTADO GASTOS E INGRESOS DA ENTIDADE E COMPARATIVO 2018-2019

CAPÍTULO	Gastos Entidade			Ingresos Entidade		
	Importe 2018	Importe 2019	Variación %	Importe 2018	Importe 2019	Variación %
1	65.770.783,38	67.882.697,30	3,21%	107.973.311,88	108.960.818,00	0,91%
2	119.979.042,90	123.267.438,51	2,74%	8.435.311,27	8.493.508,00	0,69%
3	3.530,00	3.530,00	0,00%	38.467.338,63	39.271.725,53	2,09%
4	33.926.225,42	33.968.597,81	0,12%	76.526.805,07	80.193.073,39	4,79%
5	600.000,00	600.000,00	0,00%	2.393.000,00	3.020.200,00	26,21%
Operc. C.N.F	220.279.581,70	225.722.263,62	2,47%	233.795.766,85	239.939.324,92	2,63%
6	31.130.357,41	29.812.598,54	-4,23%	,00	,00	0,00%
7	931.069,50	980.748,24	5,34%	18.545.241,76	16.576.285,48	-10,62%
Operac. N.F	252.341.008,61	256.515.610,40	1,65%	252.341.008,61	256.515.610,40	-1,65%
8	646.000,00	646.000,00	0,00%	646.000,00	646.000,00	0,00%
9	,00		0,00%	,00		0,00%
Total	252.987.008,61	257.161.610,40	1,65%	252.987.008,61	257.161.610,40	1,65%

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE GASTOS E INGRESOS DOS ESTADOS CONSOLIDADOS E COMPARATIVO 2018-2019

	Gastos dos estados consolidados	Ingresos dos estados consolidados
--	---------------------------------	-----------------------------------



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15

Páxina 4 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

CAPÍTULO	Importe 2018	Importe 2019	Variación %	Importe 2018	Importe 2019	Variación %
1	69.712.103,38	71.949.645,30	3,21%	107.973.311,88	108.960.818,00	0,91%
2	121.690.910,43	125.158.944,96	2,85%	8.435.311,27	8.493.508,00	0,69%
3	3.530,00	3.530,00	0,00%	39.812.438,63	40.616.825,53	2,02%
4	28.102.825,42	28.028.597,81	-0,26%	75.402.392,60	79.233.196,66	5,08%
5	600.000,00	600.000,00	0,00%	2.403.000,00	3.030.200,00	26,10%
Operac. N.F	220.109.369,23	225.740.718,07	2,56%	234.026.454,38	240.334.548,19	2,70%
6	34.781.257,41	30.139.367,36	-13,35%	3.300.000,00	,00	-100,00%
7	981.069,50	1.030.748,24	5,06%	18.545.241,76	16.576.285,48	-10,62%
Operacións. N.F	255.871.696,14	256.910.833,67	0,41%	255.871.696,14	256.910.833,67	0,41%
8	671.000,00	671.000,00	0,00%	671.000,00	671.000,00	0,00%
9	,00		0,00%	,00	,00	0,00%
Total	256.542.696,14	257.581.833,67	0,41%	256.542.696,14	257.581.833,67	0,41%

CLASIFICACIÓN FUNCIONAL DE GASTOS E COMPARATIVA 2018-2019

Área	Descrición	Entidade		% var.	Consolidado		% var.
		2018	2019		2018	2019	
0	Débeda Pública	,00	,00	0,00%	,00	,00	0,00%
1	Servizos Públicos básicos	128.643.501,40	130.930.124,19	1,78%	132.199.188,93	131.350.347,46	-0,64%
2	Actuación de protección e promoción social	21.492.546,72	24.127.979,87	12,26%	21.492.546,72	24.127.979,87	12,26%
3	Produción B. públicos carácter preferente	46.842.455,92	45.074.856,93	-3,77%	46.842.455,92	45.074.856,93	-3,37%
4	Actuacións de carácter económico	18.391.100,59	19.332.187,28	5,12%	18.391.100,59	19.332.187,28	5,12%
9	Actuacións de carácter Xeral	37.617.403,98	37.696.462,13	0,21%	37.617.403,98	37.696.462,13	0,21%
Total		252.987.008,61	257.161.610,40	1,65%	256.542.696,14	257.581.833,67	0,41%

RESUMO DO ORZAMENTO DE GASTOS E INGRESOS DA XMU E COMPARATIVO 2018-2019

CAPÍTULO	Estado de Gastos			Estado de Ingresos		
	Importe 2018	Importe 2019	Variación %	Importe 2018	Importe 2019	Variación %
1	3.941.320,00	4.066.948,00	3.19%			
2	1.711.867,53	1.891.506,45	10.49%			
3				1.345.100,00	1.345.100,00	0.00%
4	1.325.512,47	1.368.856,73	3.27%	6.024.500,00	6.348.980,00	5.39%
5				10.000,00	10.000,00	0.00%
Op. Corr. NF	6.978.700,00	7.327.311,18	5.00%	7.379.600,00	7.704.080,00	4.40%
6	3.650.900,00	326.768,82	-91.05%	3.300.000,00	,00	-100.00%
7	50.000,00	50.000,00	0.00%			0.00%
Op. Cap. NF	3.700.900,00	376.768,82	-89.82%	3.300.000,00	,00	-100.00%
T. Op. N.F	10.679.600,00	7.704.080,00	-27.86%	10.679.600,00	7.704.080,00	-27.86%
8	25.000,00	25.000,00	0.00%	25.000,00	25.000,00	0.00%
Total	10.704.600,00	7.729.080,00	-27.80%	10.704.600,00	7.729.080,00	-27.80%



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15

Páxina 5 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

SEGUNDO.- Aprobar as Bases de Execución que serán de aplicación á Entidade Local e Xerencia Municipal de Urbanismo, coa excepción da regulación propia que se aprobe para o Organismo Autónomo.

TERCEIRO.- Aprobar as Bases de Execución específicas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

CUARTO.- Aprobar o cadro de persoal e plantilla da Entidade Local e da Xerencia Municipal de Urbanismo.

QUINTO.- Aprobar o Plan de Investimento-Financiamento 2019-2022, que quedará sometido aos axustes que cada ano se estableza, producíndose a revisión do mesmo en cada ano.

SEXTO.- Someter o expediente aos requisitos de publicidade e exposición pública que regula o artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

SÉTIMO.- O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, entrando en vigor unha vez publicado na forma prevista no parágrafo 3 do artigo 169 do TRLRFL. En caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resoven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

En cumprimento do previsto no apartado seis do artigo 21 do RD 500/90, o Orzamento definitivo que se aprobe para o ano 2019, terá os seus efectos dende o un de xaneiro e os créditos nel incluídos serán a consideración de créditos iniciais.

Se o dereito positivo de aplicación é alterado por modificación das normas citadas, ou por desenvolvemento da normativa legal ou regulamentaria, polo Pleno da Corporación acordaranse os axustes orzamentarios ou de liquidación e contables que procedan mediante o axuste das magnitudes, créditos e conceptos que corresponda conforme ás normas de aplicación ou ao interese xeral.

Se a Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2019 ou outra norma de igual rango, alterase as contías nas entregas a conta para o ano 2019, se fose o caso, procederá a facer os axustes para facer fronte aos cambios introducidos polo devandito corpo legal se estas tivesen unha repercusión negativa.

O Pleno da Corporación pronunciarase, previo acordo da Xunta de Goberno Local e ditame da Comisión Informativa, sobre proposta da Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda.”

Con data 25 e 26 de outubro, o interventor xeral emite os seguintes informes:

Asunto: Informe de Intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e do límite de débeda con motivo da aprobación dos Orzamentos Xerais do Concello de Vigo para o exercicio 2019 (expte. 55/142).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15

Páxina 6 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Con motivo da tramitación do expediente para a aprobación do proxecto de Orzamento Xeral do Concello de Vigo e o organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo correspondente ao exercicio 2019, o funcionario que subscribe, en cumprimento do disposto no artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento da lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais, así como na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e no artigo 16.4 e) da Orde Ministerial HAP/2015/2012, de 1 de outubro, por la que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na LOEPSF, en relación co cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e do límite de débeda, emite o seguinte

Informe:

Primero.- Normativa de aplicación.

- **Normativa comunitaria.**

- ✓ Regulamento (CE) nº 2516/2000 do Parlamento Europeo e do Consello de 7 de novembro de 2000 que modifica os principios comúns do Sistema europeo de contas nacionais e rexionais da Comunidade (SEC 95) no que se refire aos impostos e as cotizacións sociais e polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 2223/96 do Consello.
- ✓ Regulamento (CE) nº 2223/96 do Consello, do 25 de xuño de 1996, relativo ao Sistema europeo de contas nacionais e rexionais da Comunidade.
- ✓ Regulamento (CE) nº 479/2009 do Consello, do 25 de maio de 2009, relativo á aplicación do Protocolo sobre o procedemento aplicable en caso de déficit excesivo.
- ✓ Directiva 2011/7/UE do Parlamento Europeo e do Consello de 16 de febreiro de 2011 pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- ✓ Regulamento nº 549/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2013 (DOCE do 26-06-2013), relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC 2010).

- **Normativa nacional.**

- ✓ Artigo 135 da Constitución Española.
- ✓ Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOSF), e Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais (RDLEP).
- ✓ Lei Orgánica 6/2015, do 12 de xuño, de modificación da Lei Orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das Comunidades Autónomas e da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- ✓ Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- ✓ Real Decreto-lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico.
- ✓ Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, modificada pola Orde



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15

Páxina 7 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

HAP/2082/2014, de 7 de novembro.

a) Manuales ou guías de aplicación elaboradas polo MINHAP / IGAE:

- ✓ Manual de cálculo do Déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, Ministerio de Economía e Facenda.
- ✓ Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da LOEPSF para corporacións locais, 3ª edición. IGAE.
- ✓ Guía publicada pola Subdirección Xeral de Relacións Financeiras coas Entidades Locais, para o enchemento da Aplicación do Cálculo do Período Medio de Pago.
- ✓ Manual do SEC 95 sobre o Déficit Público e a Débeda Pública, publicado por Eurostat.

Segundo.- Instrumentación do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

O artigo 165 do TRLRHL establece que o orzamento xeral das Entidades Locais atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria, e así, o artigo 11.4 LOEP establece que as Corporacións Locais deberán manter unha **posición de equilibrio ou superávit orzamentario**.

Pola súa banda, o art. 4.1 do RDLEP dispón as entidades locais, os seus organismos autónomos e os entes públicos dependentes daquelas, que presten servizos ou produzan bens non financiados maioritariamente con ingresos comerciais, aprobarán, executarán e liquidarán os seus **orzamentos consolidados** axustándose ao principio de estabilidade orzamentaria.

A estes efectos, entenderase cumprido o obxectivo de estabilidade cando os orzamentos iniciais ou, no seu caso, modificados, e as liquidacións orzamentarias alcancen, unha vez consolidados, e en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, o obxectivo de equilibrio ou superávit establecido para as entidades locais, sen prexuízo do disposto, no seu caso, nos plans económico-financeiros aprobados e en vigor (artigo 15 RDLEP).

O Consello de Ministros, na súa reunión do día 7 de xullo de 2017, acordou fixar os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto de Administracións Públicas e para cada un dos seus subsectores para o período 2018-2020, así como a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española para os efectos de verificar o cumprimento da regra de gasto, establecendo para as Entidades Locais os seguintes obxectivos:

Obxectivos (en porcentaxe do PIB)	2018	2019	2020
Obxectivo de estabilidade orzamentaria: Capacidade (+) Necesidade (-) de Financiación	0,0%	0,0%	0,0%
Obxectivo de débeda pública	2,7%	2,6%	2,5%
Regra de gasto	2,4%	2,7%	2,8%

En definitiva, no que se refire ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, durante o período 2018-2020 as entidades locais non poderán incurrir



nunha situación de necesidade de financiamento, polo que a magnitude capacidade/necesidade de financiamento deberá tomar un valor cero ou positivo.

Con carácter xeral, a totalidade dos ingresos e gastos non financeiros orzamentarios, sen prexuízo da súa reclasificación en termos de partidas contabilidade nacional, corresponden á totalidade dos empregos e recursos que se computan na obtención da capacidade/necesidade de financiamento do subsector Corporacións Locais das Administracións públicas da Contabilidade nacional. As diferenzas veñen determinadas polos axustes que se describen no apartado quinto do presente informe.

Terceiro.- Ámbito de aplicación subxectivo.

As entidades a considerar serán as unidades que foran clasificadas como Administracións Públicas na última clasificación dispoñible para cada exercicio. Consultado o inventario de entes elaborado pola Secretaría General de Financiación Autonómica y Local do MHFP, constan clasificadas como AAPP o Concello de Vigo, a Xerencia Municipal de Urbanismo, a Fundación Marco e a Fundación Agencia Intermunicipal de la Energía de Vigo (FAIMEVI).

Con todo, tendo en conta que a FAIMEVI atópase en proceso de extinción, e o reducido orzamento da Fundación Marco en relación ao importe total do orzamento consolidado¹, na análise considéranse unicamente o Concello de Vigo e a XMU.

Cuarto.- Tramitación.

A avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade corresponde á Intervención local (art. 16 RDLEP), que elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes. Este informe emitirase con carácter independente e incorporarase aos previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, ás súas modificacións e á súa liquidación.

O interventor local detallará non seu informe os cálculos efectuados e os axustes practicados sobre a base dos datos dos capítulos 1 ao 9 dos estados de gastos e ingresos orzamentarios, en termos de Contabilidade Nacional, segundo o Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

Quinto.- Verificación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria. Detalle dos cálculos efectuados e axustes practicados en termos de contabilidade nacional.

Segundo o Manual de cálculo do déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás corporacións locais publicado pola IGAE, o cálculo da capacidade/necesidade de financiamento nos entes sometidos a orzamento obtense por diferenza entre os importes orzados nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes relativos á valoración, imputación temporal, exclusión ou inclusión dos ingresos e gastos non financeiros.

Estados consolidados:

- 1 Segundo os datos da liquidación do ano 2017, a Fundación Marco tivo en dito ano uns ingresos non financeiros de 809.230,41 euros e uns gastos non financeiros de 823.582,78 euros, botando una necesidade de financiamento de 14.352,37 euros.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15

Páxina 9 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

CAPÍTULO	INGRESOS	IMPORTE
1	Impostos Directos	108.960.818,00
2	Impostos Indirectos	8.493.508,00
3	Taxas e outros Ingresos	40.616.825,53
4	Transferencias Correntes	79.233.196,66
5	Ingresos Patrimoniais	3.030.200,00
A	Total Ingresos Corrientes	240.334.548,19
6	Enaxenación Inversións Reais	0,00
7	Transferencias de Capital	16.576.285,48
B	Total Ingresos por Operacións de Capital non Financeiras	16.576.285,48
I = A + B	Total Ingresos por Operacións non Financeiras	256.910.833,67

CAPÍTULO	GASTOS	IMPORTE
1	Gastos de persoal	71.949.645,30
2	Gastos en bens ctes. e servizos	125.158.944,96
3	Gastos financeiros	3.530,00
4	Transferencias correntes	28.028.597,81
5	Fondo de continxencia	600.000,00
C	Total Gastos Correntes	225.740.718,07
6	Inversións Reais	30.139.367,36
7	Transferencias de Capital	1.030.748,24
D	Total Gastos por Operacións de Capital non Financeiras	31.170.115,60
II = C + D	Total Gastos por Operacións non Financeiras	256.910.833,67
I - II	Resultado das Operacións non Financeiras	0,00

Axustes entre o saldo orzamentario non financeiro e o déficit ou superávit de contabilidade nacional.

Para a realización dos axustes consideramos o Manual da IGAE.

- **Rexistro en contabilidade nacional dos ingresos fiscais e asimilados (capítulos 1, 2 e 3 do orzamento de ingresos).**

Como consecuencia da aprobación do Regulamento (CE) Nº 2.516/2000, en contabilidade nacional, o criterio para a imputación dos ingresos fiscais e asimilados ou directamente relacionados con eles e con efecto no déficit público, é o de caixa.

Polo tanto, a efectos da elaboración das contas de contabilidade nacional, as rúbricas de impostos rexístranse polo importe total realizado en caixa en cada exercicio, xa sexa de corrente ou de pechados.

Este tratamento aplícase aos ingresos contabilizados nos Capítulos 1, 2 e 3 do orzamento de ingresos da Corporación Local, de modo que se o importe de tales dereitos recoñecidos supera o valor dos cobros de exercicios corrente e pechados, efectuarase un axuste negativo que reducirá o saldo orzamentario, incrementando o



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15

Páxina 10 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

déficit público da Corporación Local. Se, pola contra, a contía dos dereitos recoñecidos é inferior ao importe dos cobros do orzamento corrente e de orzamentos pechados, o axuste positivo, resultante da diferenza de valores, diminuirá o déficit en contabilidade nacional.

Como os importes consignados no proxecto de orzamento nos capítulos 1, 2 e 3 aproxímanse aos importes que se espera recadar efectivamente, tanto do exercicio corrente como dos exercicios pechados, **non será necesario practicar ningún axuste** na capacidade ou necesidade de financiamento por este motivo. A estes efectos compre lembrar que a recadación total conxunta nos capítulos 1, 2 e 3 foi superior ás previsións iniciais consignadas nos orzamentos iniciais dos anos 2017 (+1,49%), 2016 (+2,05%), 2015 (+3,37%), 2014 (+1,65%) e 2013 (+0,05%).

b) Tratamento das entregas a conta dos Impostos cedidos e do Fondo Complementario de Financiamento.

En contabilidade nacional, as entregas a conta dos Impostos cedidos e do Fondo Complementario de Financiamento contabilízanse no exercicio en que se realizan, é dicir, cando se satisfán polo Estado a favor da Corporación Local, e as liquidacións definitivas deben imputarse ao exercicio en que se determina a súa contía e páganse polo Estado.

Por tanto, debe realizarse un axuste polo importe que debe reintegrarse ao Estado en concepto de devolución das liquidacións negativas correspondente aos exercicios anteriores polo concepto de Participación nos Tributos do Estado, que opera sumándoo ás previsións de ingreso por este concepto. Axuste que deberá realizarse no caso de orzar pola previsión de dereitos recoñecidos netos no exercicio, considerando que o Estado realiza un axuste negativo.

Devolución liquidación PIE 2008 en 2019 (+)	543.137,28
Devolución liquidación PIE 2009 en 2019 (+)	2.110.929,24
Total	2.654.066,52

Polo tanto, haberá que practicar un axuste positivo (menor déficit) por importe de 2.654.066,52 euros.

Cálculo da capacidade/necesidade de financiamento:

Segundo se aprecia no cadro seguinte, a diferenza entre os dereitos recoñecidos nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e as obrigas recoñecidas nos capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes descritos, bota capacidade de financiamento.

CONCEPTOS	IMPORTES
Total Ingresos capítulos I a VII orzamento corrente	256.910.833,67
Total Gastos capítulos I a VII orzamento corrente	256.910.833,67
a) SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO	0,00
AXUSTES	
Axuste por recadación ingresos Capitulo 1	0,00
Axuste por recadación ingresos Capitulo 2	0,00
Axuste por recadación ingresos Capitulo 3	0,00
Axuste por devolución no 2018 das liquidacións negativas da PTE 2008 e 2009	2.654.066,52



b) TOTAL AXUSTES	2.654.066,52
c) TOTAL CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO (a + b)	2.654.066,52

Sexto.- Sustentabilidade financeira.

a) Cumprimento do límite de débeda.

A LOEPSF (art. 13) establece a obriga de non pasar o límite de débeda pública que foi fixado no 2,6% do PIB para o exercicio 2019.

Dado que para a administración local non se estableceu unha equivalencia do citado límite de débeda en termos de ingresos non financeiros ou outra variable que permita o seu cálculo de forma individual para cada entidade, resulta de aplicación o límite que establece o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais no seu artigo 53, que o fixa no 110% dos ingresos correntes liquidados, considerando para o seu cálculo o disposto na Disposición final trixésimo primeira da LPGE para 2013:

“Para a determinación dos ingresos correntes a computar no cálculo do aforro neto e do nivel de endebedamento, deducirase o importe dos ingresos afectados a operacións de capital e calquera outros ingresos extraordinarios aplicados aos capítulos 1 a 5 que, pola súa afectación legal e/ou carácter non recorrente, non teñen a consideración de ingresos ordinarios.

A efectos do cálculo do capital vivo, consideraranse todas as operacións vixentes a 31 de decembro do ano anterior, incluído o risco deducido de avais, incrementado, no seu caso, nos saldos de operacións formalizadas non dispostos e no importe da operación proxectada. Nese importe non se incluírán os saldos que deban reintegrar as Entidades Locais derivados das liquidacións definitivas da participación en tributos do Estado.”

Non obstante o límite de débeda determinarase nos termos do Protocolo de Déficit Excesivo do Estado español, e neste computaríanse só os avais executados.

Tendo en conta que nin o Concello de Vigo nin a XMU manteñen operacións de crédito con capitais pendentes de reembolso, nin risco algún deducido de avais, e que non proxectan concertar ao longo do exercicio 2019 operación de endebedamento algunha, o volume de débeda viva é de 0,00 euros polo que o coeficiente de endebedamento é do 0%.

Polo que se informa que o nivel de débeda así calculado estaría por baixo do 110% dos ingresos correntes, límite previsto segundo o artigo 53 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e por baixo do 75 % límite que establece a Disposición adicional 74ª da LPGE para 2014, polo que non resultaría preceptiva a autorización do órgano de tutela financeira para concertar novas operacións de préstamo durante 2019, de considerar esta opción.

b) Débeda comercial. Período medio de pago.

A Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou atraso no pago da débeda comercial, de maneira que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común.

O período medio de pago definido no Real Decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, mide o atraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15

Páxina 12 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

período legal de pago na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Morosidade trimestral Lei 3/2004.

Período	E. Local		XMU		Fund. MARCO		Fund. FAIMEVI	
	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP
1º T / 2018	15,4	15,46	16,54	15,22	28,23	58,71	1,11	1842,6
2º T / 2018	17,5	13,57	21,33	4,58	36,09	34,97	39,43	2218,25
3º T / 2018	16,6	11,5	13,1	4,64	23,27	22,31	38,9	2335,76
4º T / 2017	16,34	6,85	17,87	9,5	28,31	17,63	69,97	1751,99

PMP Real Decreto 1040/2017.

PMP Real Decreto 1040/2017												
Institución	01/18	02/18	03/18	04/18	05/18	06/18	07/18	08/18	09/18	10/17	11/17	12/17
Ent. Local	-15,16	-13,27	-14,05	11,39	9,37	12,54	13,34	14,28	10,91	-13,95	-11,69	-19,87
FAIMEVI	28,92	56,99	85,10	87,11	2,04	34,29	64,49	109,34	52,96	-0,20	9,81	27,15
MARCO	10,27	10,65	25,83	40,87	18,44	33,07	19,16	27,32	16,38	-8,39	-1,05	-1,14
XMU	-10,57	-23,49	-15,44	10,76	15,21	12,23	8,16	2,62	6,06	-14,56	-18,11	-17,08
PMPGlob.	-15,05	-13,20	-13,83	11,64	9,02	12,58	13,32	14,28	10,89	-13,94	-11,69	-19,81

Dende o mes de abril de 2018 cámbiase o sistema de cálculo de modo que o PMP non pode tomar valor negativo.

Polo tanto o PMP do Concello de Vigo e o pmp global atópanse por debaixo do prazo máximo de pago establecido en 30 días pola normativa sobre morosidade.

Sétimo.- Límite de gasto non financeiro.

Consonte ao disposto no artigo 30 da LOEOSF, o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais aprobarán, nos seus respectivos ámbitos, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus Orzamentos.

▪ Límite de gasto non financeiro coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Como temos visto, cumprírase o obxectivo de estabilidade orzamentaria na aprobación dos orzamentos xerais do ano 2019 sempre e cando o gasto non financeiro non sexa superior a 259.564.900,19 euros.

Total Ingresos capítulos I a VII orzamento corrente	256.910.833,6 7
Axuste por devolución no 2018 das liquidacións negativas da PTE 2008 e 2009	2.654.066,52
Límite de gasto non financeiro coherente co obxectivo de estabilidade	259.564.900,19

▪ Límite de gasto non financeiro coherente coa regra de gasto.

O art. 12 da LOEP incorpora a regra de gasto, en virtude da cal a variación do gasto computable das Administracións Públicas non poderá superar a taxa de referencia de



crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española, cuxo cálculo corresponde ao Ministerio, e que será a referencia para ter en conta polas Corporacións Locais na elaboración dos seus respectivos Orzamentos.

Para as Corporacións locais (artigo 2.1 da LOEPSF) cúmprese a Regra do Gasto, se a variación, en termos SEC, do gasto computable de cada Corporación Local, entre dous exercicios económicos, non supera a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto (TRCPIB) de medio prazo da economía española.

Cando se aproben cambios normativos que supoñan aumentos permanentes da recadación, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra de gasto nos anos en que se obteñan os aumentos de recadación poderá aumentar na contía equivalente. A sensu contrario, cando se aproban cambios normativos que supoñan diminucións permanentes da recadación deberían considerarse para minorar o cálculo (art. 12.4 LOEP).

Como vimos, a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española (TRCPIB) para os efectos de verificar o cumprimento da regra de gasto quedou establecida no 2,4% para o exercicio 2018 e no 2,7% para o exercicio 2019.

Para o cálculo do límite de gasto non financeiro consideramos os datos da última liquidación aprobada, a correspondente ao exercicio 2017.

Entidade	Límite máximo de gasto non financeiro coherente coa Regra de Gasto						
	Gasto computable Liquid. 2017 (1)	(2) = (1)*(1+TRCPIB 2018)	(+/-) Recadación por cambios normativos 2018 (3)	Límite Regra de Gasto 2018 (4)=(2)+(3)	(5) = (1)*(1+TRCPIB 2019)	(+/-) Recadación por cambios normativos 2019 (6)	Límite Regra de Gasto 2019 (7)=(5)+(6)
Concello de Vigo	201.713.759,81	206.554.890,05	2.079.725,00	208.634.615,05	214.267.749,65	485.926,95	214.753.676,60
XMU	5.068.443,18	5.190.085,82	0,00	5.190.085,82	5.330.218,13	0,00	5.330.218,13
Importe total	206.782.202,99	211.744.975,86	2.079.725,00	213.824.700,86	219.597.967,79	485.926,95	220.083.894,74



Variacións na recadación por cambios normativos ano 2018	
Concepto	Importe
IBI Urbana	1.400.000,00
IBI, BICES	50.000,00
IVTM	250.000,00
IAE	172.725,00
Lixo Vivendas	150.000,00
Taxa Expedición documentos	5.000,00
Prezo Público ETRAD	52.000,00
Total	2.079.725,00
Variacións na recadación por cambios normativos ano 2019	
Concepto	Importe orzamento
IBI Urbana	-85.000,00
IVTM	-39.073,05
Taxa ocupación privativa aproveitamento especial Dominio PL	610.000,00
Total	485.926,95

▪ **Límite máximo de gasto non financeiro.**

Tendo en conta que o límite de gasto non financeiro coherente coa regra de gasto é inferior ao límite de gasto non financeiro coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria, o importe total do gasto non financeiro dos capítulos I a VII do estado de gastos do orzamento xeral do Concello de Vigo para o exercicio 2019, medido en termos de contabilidade nacional, non deberá ser superior a 220.083.894,74 euros para que o proxecto de orzamento xeral cumpra os obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

No entanto, dito importe deberá de ser calculado novamente unha vez que se aprobe a liquidación dos orzamentos correspondentes ao exercicio 2018.

Oitavo.- Calculo do gasto computable en termos de contabilidade nacional e verificación do cumprimento da Regra de Gasto.

Aínda que non resulta preceptivo valorar o cumprimento da regra de gasto con motivo da aprobación inicial dos orzamentos, resulta aconsellable facer una avaliación neste intre dado que constitúe unha regra fiscal de obrigado cumprimento no momento da liquidación do orzamento.

Nas Corporacións Locais enténdese por gasto computable, os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (isto é, consolidados e axustados a criterios de Contabilidade Nacional), excluídos os intereses da débeda e a parte de gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas.

(+)	Empregos (gastos) non financeiros, suma dos capítulos 1 a 7 de gastos, excluídos os intereses da débeda: Do Capítulo 3 (gastos financeiros) unicamente agregaranse os gastos de emisión, formalización, modificación e cancelación de préstamos, débedas e outras operacións financeiras, así como os gastos por execución de avais. Subconceptos (301, 311, 321, 331 y 357)
(+/-)	Axustes segundo o SEC.



(-)	Pagos por transferencias (e outras operacións internas) a outras Entidades que integran a Corporación Local.
(-)	A parte de gasto non financeiro do Presuposto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou de outras Administracións Públicas.
(=)	Gasto computable exercicio

GASTO COMPUTABLE EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL		
CONCEPTO	CONCELLO	XMU
Suma dos capítulos 1 a 7 de gastos	256.515.610,40	7.704.080,00
(Intereses débeda)	-3.030,00	0,00
Empregos non financeiros excepto intereses débeda	256.512.580,40	7.704.080,00
AXUSTES según o SEC		
(-) Enaxenación inversións reais	0,00	0,00
(+/-) Inversións realizadas por conta doutra Administración Pública	0,00	0,00
(+/-) Execución de avais	0,00	0,00
(+) Achegas de capital	0,00	0,00
(+/-) Asunción e cancelación de débedas	0,00	0,00
(+/-) Gastos do exerc. pendentes de aplicar ao presuposto	0,00	0,00
(+/-) Gastos pendentes de aplicación conta 555	0,00	0,00
(+/-) Pagos a socios privados no marco das Asoc. Público Privadas	0,00	0,00
(+/-) Adquisicións con pago aprazado	0,00	0,00
(+/-) Arrendamento financeiro	0,00	0,00
(+) Préstamos	0,00	0,00
(-) Mecanismo extraordinario de pago a provedores 2012	0,00	0,00
(+/-) Axuste por grado de execución do gasto	18.312.333,85	898.153,06
Total axustes SEC	18.312.333,85	898.153,06
Total Empregos non financeiros SEC 95 excepto intereses débeda	238.200.246,55	6.805.926,94
(-) Gastos por transferencias internas	-6.545.000,00	-1.368.856,73
(-) Gasto financiado con fondos finalistas da UE e AAPP	-22.352.142,87	-408.980,00
(-) Transferencias por fondos dos sistemas de financiamento	0,00	0,00
Total de Gasto computable del exercicio	209.303.103,68	5.028.090,21
Total Gasto computable a nivel consolidado		214.331.193,89

Axuste por grado de execución do gasto.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15

Páxina 16 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Como consecuencia de que a execución orzamentaria final adoita presentar desviacións respecto dos créditos iniciais do orzamento, cando se parte do proxecto de orzamento ou do orzamento inicial realizárase un “axuste por grao de execución do gasto” que reducirá ou aumentará os empregos non financeiros, reducindo aqueles créditos que polas súas características ou pola súa natureza considérense de imposible execución no exercicio orzamentario, e aumentando aqueles cuxa execución vaia a superar o importe dos previstos inicialmente.

Para calcular o importe do axuste teremos en conta a maior das seguintes porcentaxes de execución:

- O valor medio de execución orzamentaria dos últimos cinco anos.
- O valor medio de execución orzamentaria dos últimos tres anos.
- A porcentaxe de execución do exercicio 2017, último liquidado.

Axuste por inexecución Concello de Vigo							
Cap.	2017	Media 5	Media 3	Valor considera do	% Inexecución	Importe capítulo (1)	Axuste
I	90,20	94,54	92,70	94,54	5,46	67.825.898,05	3.703.294,03
II	92,72	94,23	93,08	94,23	5,77	118.217.126,56	6.821.128,20
III	0,00	22,08	7,37	22,08	77,92	500,00	389,60
IV	96,49	96,16	96,14	96,49	3,51	26.274.851,62	922.247,29
V	0,00	0,00	0,00	0,00	100,00	600.000,00	600.000,00
VI	54,71	48,63	47,15	54,71	45,29	13.716.313,06	6.212.118,18
VII	94,58	76,66	80,70	94,58	5,42	980.748,24	53.156,55
						227.615.437,53	18.312.333,85

Axuste por inexecución Xerencia de Urbanismo							
Cap.	2017	Media 5	Media 3	Valor considera do	% Inexecución	Importe capítulo (1)	Axuste
I	88,69	94,47	94,45	94,47	5,53	4.066.948,00	224.902,22
II	65,72	70,37	63,57	70,37	29,63	1.482.526,45	439.272,59
III	0,00	0,00	0,00	0,00	100,00	0,00	0,00
IV	100,00	99,11	99,50	100,00	0,00	0,00	0,00
VI	14,79	35,73	41,02	41,02	58,98	326.768,82	192.728,25
VII	15,31	17,50	12,51	17,50	82,50	50.000,00	41.250,00
						5.926.243,27	898.153,06

(1) O importe dos capítulos 2 e 6 minórase pola parte do gasto de ditos capítulos financiada con fondos finalistas doutras Administracións conforme aos datos incorporados ao expediente.

Gastos financiados con fondos finalistas doutras Administracións Públicas.

Concepto	Administración	Destino	Importe
45002	Xunta de Galicia	Plan Concertado, SAF	3.743.907,23
45003	Xunta de Galicia	Cedro	529.746,00
45006	Xunta de Galicia	Libre concorrencia, SAF	63.658,72
42091	Administración do Estado	Transporte urbano colectivo	1.148.746,19
46700	Consorcio Casco Vello	Personal adscrito	56.799,25



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15 Páxina 17 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

46100	Deputación de Pontevedra	Plan de promoción turística	233.000,00
72390	Administración do Estado	Acceso AVE por C/Lepanto	5.209.629,23
75060	Xunta de Galicia	Acceso AVE por C/Lepanto	1.209.166,12
76102	Deputación de Pontevedra	Carretera Beade-Garrida	1.204.982,11
76103	Deputación de Pontevedra	Carril Bici	2.137.000,00
76104	Deputación de Pontevedra	Carretera Provincial	900.000,00
76106	Deputación de Pontevedra	Pavillón Quirós	895.629,32
76107	Deputación de Pontevedra	Instalacións deportivas Romil 77	657.462,69
76109	Deputación de Pontevedra	Instalacións deportivas baixo grada Río	248.034,32
76114	Deputación de Pontevedra	Cambio cespede C. Fútbol	870.000,00
791	UE-FEDER	Programa DUSI	3.244.381,69
			22.352.142,87

Xerencia de Urbanismo.

Concepto	Administración	Destino	Importe
45060	Xunta de Galicia	Oficina rehabilitación	203.280,00
45061	Xunta de Galicia	Redacción Plan Xeral	205.700,00
			408.980,00

Verificación do cumprimento da Regra de Gasto.

Tendo en conta que o gasto computable do proxecto de orzamento xeral do Concello de Vigo do exercicio 2019, 214.331.193,89 euros, é inferior ao límite da regra de gasto para dito exercicio, 220.083.894,74, o proxecto de Orzamento do ano 2019 cumpre inicialmente o obxectivo de Regra de Gasto.

Conclusións sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e o nivel de débeda.

O proxecto de orzamento xeral do Concello de Vigo e o organismo autónomo Xerencia de Urbanismo do exercicio 2019:

- ✓ Cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, botando unha capacidade de financiamento de 2.654.066,52 €.
- ✓ Cumpre co límite de débeda, non tendo débeda viva pendente de reembolso nin risco deducido de avais, polo que o coeficiente legal de endebedamento é do 0,00%.
- ✓ O seu período medio de pagamento é inferior ao prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade para o pago a provedores.
- ✓ O importe total do gasto non financeiro (capítulos I a VII do estado de gastos) para o exercicio 2019, medido en termos de contabilidade nacional, non deberá ser superior inicialmente a 220.083.894,74 euros para que o proxecto de orzamento xeral cumpra os obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto. Dito importe é provisional polo que deberá calcularse de novo unha vez que se liquide o orzamento xeral do ano 2018.
- ✓ Aínda que non resulta preceptivo valorar o cumprimento da regra de gasto con



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15

Páxina 18 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

motivo da aprobación inicial dos orzamentos, comprobouse que se consideramos un axuste por inexecución do gasto de 18.312.333,85 euros no Concello de Vigo e de 898.153,06 na XMU, o gasto computable do proxecto de orzamento xeral do Concello de Vigo do exercicio 2019, en termos de contabilidade nacional, 214.331.193,89 €, é inferior ao límite da regra de gasto para dito exercicio, estimado inicialmente en 220.083.894,74 €, polo que o proxecto de Orzamento do ano 2019 cumpre inicialmente o obxectivo da Regra de Gasto.”

Asunto:	Proxecto de Orzamento Xeral do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2019
Expte. número:	55-142
Servizo Xestor:	Contabilidade e Xestión Orzamentaria
Forma de exercicio do control:	Control financeiro na modalidade de función de control permanente
Data de entrada en intervención:	18/10/18

“Remitida a esta intervención o proxecto de Orzamento xeral do Excmo. Concello de Vigo e o do organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo para o ano 2019, con carácter previo á súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, o funcionario que subscribe, en cumprimento do disposto nos artigos 168.4 e 214 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, 18.4 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 4.1 b) 2º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, ten a ben emitir o seguinte

Informe:

Primeiro.- Normativa de aplicación.

- Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (en diante TRLRFL), e Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei Reguladora das Facendas Locais (RO).
- Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (RDCI).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.
- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOSF), e Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais.
- Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional (artigo 4.1 b) 2º).
- Orde EHA/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.
- Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos



Orzamentos das Entidades Locais.

Segundo.- Definición e contido.

O orzamento xeral da entidade local constitúe a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, poden recoñecer a entidade, e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevexan liquidar durante o correspondente exercicio, así como das previsións de ingresos e gastos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza integramente á entidade local correspondente.

Tendo en conta que non consta a existencia de sociedades mercantís cuxo capital social pertenza na súa integridade á entidade local, e que con efectos do 1 de xaneiro do ano 2016 produciuse a extinción dos organismos autónomos locais Instituto Municipal dos Deportes, Escola Municipal de Artes e Oficios e Parque das Ciencias – Vigozoo, conforme dispoñen os artigos 164.1 TRLRFL e 6 RO, no proxecto de orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2019 que se presenta nesta Intervención para o seu preceptivo informe, intégranse únicamente os orzamentos da propia entidade e o do organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo (en adiante, XMU).

En cumprimento do disposto no artigo 165 do TRLRFL, cada un dos orzamentos que se integran no orzamento xeral contén:

- Os estados de gastos, nos que se inclúen, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ao cumprimento das obrigas.
- Os estados de ingresos, nos que figuran as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.
- As bases de execución dos orzamentos, comúns para o Concello e a XMU, así como as específicas da XMU.

Terceiro.- Anexos e documentación complementaria.

Ao proxecto de orzamento xeral do Concello de Vigo acompañanse os seguintes anexos e documentación complementaria, de conformidade co disposto nos arts. 166.1 e 168 do TRLRFL:

- ✓ Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presenta en relación co vixente.
- ✓ Liquidación do orzamento do exercicio 2017.
- ✓ Avance da liquidación do orzamento do exercicio 2018, referida, polo menos, a seis meses do exercicio, e estimación da liquidación do orzamento referida a 31 de decembro.
- ✓ Informe da xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación ao capítulo I do estado de gastos do proxecto de orzamento.
- ✓ Certificación da sesión da Mesa Xeral de Negociación de 8/10/2018 na que se abordou, entre outros asuntos, o capítulo I de gastos do proxecto de orzamentos, na que se da conta da documentación seguinte:
 - Informe denominado borrador técnico do capítulo I, no que se inclúe o denominado “anteprojecto” do capítulo 1 e a súa valoración, dándose a oportuna correlación coas dotacións económicas incluídas no capítulo 1 do orzamento de gastos.
 - Informe da técnica de Formación e Avaliación da área de Recursos Humanos e Formación de data 09/10/2018.
 - Documento no que se cuantifica, para cada un dos programas de gasto, o



importe que corresponde á cada un dos subconceptos do capítulo I da clasificación económica de gastos segundo a Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.

- ✓ Relación dos investimentos a realizar no exercicio.
- ✓ Anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos.
- ✓ Anexo con información relativa aos convenios subscritos coa Xunta de Galicia en materia de gasto social, asinado con data 3 de agosto de 2018 polo xefe de área de Política Social, no que comunica que na actualidade a concellería de Política Social non ten asinado ningún Convenio coa Xunta de Galicia polo que reciba financiamento para gasto social, e que para a cofinanciación de CEDRO se asina un convenio entre a Comunidade Autónoma e a FEGAMP, ao que se adhiere o Concello de Vigo, que este ano aínda non se asinou.
- ✓ Un informe económico-financieiro de ingresos elaborado pola Dirección de Ingresos e un informe económico-financieiro de gastos elaborado pola Dirección Superior Contable e Orzamentación, nos que se expoñen as premisas utilizadas para a avaliación dos ingresos, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.
- ✓ Informe do Interventor Xeral Municipal de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria.
- ✓ Os plans e programas de investimento e financiamento para un prazo de catro anos. O plan de investimentos complétase co programa financeiro, que contén:
 - a) O investimento previsto a realizar en cada un do catro exercicios.
 - b) Os ingresos de capital que se prevexan obter nos devanditos exercicios, así como unha proxección do resto dos ingresos previstos no citado período.
 - c) Ás operacións de crédito que resultan necesarias para completar o financiamento, con indicación dous custos que vaian xerar, non estando prevista a concertación de operacións de endebedamento no citado período.
- ✓ O estado de consolidación do orzamento da propia entidade co do orzamento da XMU. Este documento supón que "los presupuestos de los distintos entes con personalidad jurídica que realicen actividades municipales se unifican, eliminándose las posibles duplicidades, en cuanto a gastos e ingresos recíprocos, que puedan darse entre sí. Esto permite aportar la visión real de toda la actividad económico-financiera del ente, independientemente de las formas de gestión de los servicios que hayan sido elegidas" [Alarcón García, 1996, p.100].
- ✓ O estado de previsión de movementos e situación da débeda comprensiva do detalle de operacións de crédito ou de endebedamento pendentes de reembolso ao principio do exercicio, das novas operacións previstas a realizar ao longo do exercicio e do volume de endebedamento ao peche do exercicio económico, con distinción de operacións a curto prazo, operacións a longo prazo, de recorrencia ao mercado de capitais e realizadas en divisas ou similares, así como das amortizacións que se prevén realizar durante o mesmo exercicio.

As consideracións que son obxecto de avaliación no presente documento corresponden ao proxecto de orzamento xeral sometido a informe. No caso de que o proxecto analizado sufra algunha modificación durante a súa tramitación, como consecuencia da aprobación dalgunha ou todas as emendas presentadas ao seu contido, o proxecto modificado poderá requirir a emisión dun novo informe



complementario ao presente, en particular se afectan á regra do gasto ou á estabilidade orzamentaria.

Cuarto.- Estrutura orzamentaria.

O proxecto de orzamentos do Concello e o da XMU estrutúrase de acordo coas clasificacións establecidas na Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, ditada en cumprimento do disposto no artigo 167 do TRLRFL.

Deste xeito, os créditos incluídos no estados de gastos do orzamento clasifícanse segundo os seguintes criterios:

- a) Pola finalidade dos créditos e obxectivos que con eles se pretende: Áreas de Gasto, Políticas de Gasto, Grupos de Programas e Programas.
- b) Pola natureza económica: capítulos, artigos, conceptos, subconceptos e partidas.

A aplicación orzamentaria, cuxa expresión cifrada constitúe o crédito orzamentario, ven definida pola conxunción da clasificación por programas e a partida económica, e constitúe a unidade elemental da información sobre a que se efectuará o control contable dos créditos e as súas modificacións.

A clasificación por programas estrutúrase con catro díxitos, representando o primeiro a Área de gasto, o segundo as Políticas de gastos, o terceiro o Grupo de programas e o cuarto o Programa.

A clasificación económica estrutúrase con sete díxitos, o primeiro define o capítulo, o segundo o artigo, o terceiro o concepto, o cuarto e quinto o subconcepto e o sexto e sétimo a partida.

A clasificación dos ingresos realízase conforme a súa natureza económica con tres niveis: Capítulo, artigo e concepto, ampliable ata o nivel de subconcepto, sendo este último o desenvolvemento que se fai na estrutura do estado de ingresos.

Quinto.- Prazo de presentación.

Tendo en conta a data na que foi recibido nesta Intervención o expediente para a aprobación do orzamento xeral do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2019 – o 18 de outubro-, o citado expediente tramítase fora dos prazos establecidos no TRLRFL e no RO², xa que o expediente completo debería terse recibido na Intervención non máis tarde do 30 de setembro, e remitido ao Pleno antes do día 15 de outubro.

En calquera caso, hai que ter en conta que, de acordo cos apartados 2 e 3 do artigo 48 da LPAC³, a propia presunción de validez e o principio antiformalista co que

- 2 O artigo 168.4 do TRLRFL dispón que a remisión ao Pleno do proxecto de orzamento xeral para a súa aprobación inicial, emenda ou devolución deberá realizarse antes do 15 de outubro do ano anterior ao que vai ter os seus efectos.

No mesmo sentido, o artigo 18.4 do RD 500/1190 establece que:

“Sobre a base dos Orzamentos e estados de previsión a que se refiren os apartados anteriores, o Presidente da Entidade formará o Orzamento Xeral e remitirao, informado pola Intervención e cos anexos e documentación complementaria detallada no artigo 12 e no presente artigo, ao Pleno da Corporación antes do día 15 de outubro para a súa aprobación inicial, emenda ou devolución.

A remisión á Intervención efectuarase de forma que o Orzamento, con todos os seus anexos e documentación complementaria, poida ser obxecto de estudo durante un prazo non inferior a dez días e informado antes do 10 de outubro”.

- 3 O artigo 48 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPAC, nos seus apartados 2 e 3, ao igual que establecía o artigo



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15

Páxina 22 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

debe conectarse neste punto, obrigan a non poñer a forma por encima doutros valores como a eficacia ou a garantía de dereitos. É dicir, a rigorosidade na tramitación e cumprimento dos prazos debe así flexibilizarse nos supostos nos que, de acordo con devanditos valores, perda o seu sentido, como é o caso que nos ocupa.

Sexto.- Equilibrio e nivelación orzamentaria.

A análise do equilibrio orzamentario pode realizarse dende diferentes ámbitos ou perspectivas, uns esixidos pola normativa vixente e outros necesarios para a realización da análise económica.

En consecuencia, podemos distinguir os seguintes:

a) Equilibrio orzamentario do art. 165.4 do TRLRFL.

O equilibrio orzamentario é interpretado xenéricamente como a búsqueda de nivelación ou equivalencia entre a totalidade de ingresos e gastos incluídos no orzamento, de forma que os créditos inicialmente aprobados non poderán ser superiores ás previsións de ingresos inicialmente efectuadas.

No ámbito local, así aparece recollido nos artigos 165.4 do TRLRFL e 16 do RO ao dispoñer que cada un dos orzamentos que se integran no orzamento xeral deberá aprobarse sen déficit inicial, isto é, que os ingresos totais previstos deben ser iguais ou superiores aos gastos totais previstos.

Neste sentido, cada un dos orzamentos que integran o proxecto de orzamento xeral do Concello de Vigo aparece formalmente nivelado nos seus importes de ingresos e gastos, polo que ningún deles presenta déficit inicial, dando cumprimento deste xeito ao disposto nos artigos 165.4 da TRLRFL e 16 do RO, tal e como podemos comprobar no seguinte cadro-resumo:

Orzamento	Concello de Vigo	XMU	Consolidado
Estado de gastos	257.161.610,40	7.729.080,00	257.581.833,67
Estado de ingresos	257.161.610,40	7.729.080,00	257.581.833,67
Superávit (+) ou Déficit (-)	0,00	0,00	0,00

b) Déficit ou superávit por operacións correntes.

O artigo 5 da Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, dispón que a clasificación económica dos gastos agrupará os créditos por capítulos separando as operacións correntes (capítulos 1 a 5), as de capital (capítulos 6 e 7) e as financeiras (capítulos 8 e 9) de acordo coa estrutura que se detalla no anexo III da mesma.

Pola súa beira, o artigo 9 da citada Orde establece que as previsións incluídas nos estados de ingresos do orzamento da entidade local clasificaranse separando as operacións correntes (capítulos 1 a 5), as de capital (capítulos 6 e 7) e as financeiras (capítulos 8 e 9), de acordo coa estrutura se detalla no anexo IV desta orde.

63 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, dispón o seguinte:

"2. No obstante, el defecto de forma sólo determinará la anulabilidad cuando el acto carezca de los requisitos formales indispensables para alcanzar su fin o dé lugar a la indefensión de los interesados.

3. La realización de actuaciones administrativas fuera del tiempo establecido para ellas sólo implicará la anulabilidad del acto cuando así lo imponga la naturaleza del término o plazo".



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15

Páxina 23 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Seguindo esta clasificación, o proxecto de orzamento para o ano 2019 presenta o seguinte desglose:

	Concello	XMU	Consolidado
PREVISIÓNS INGRESO OPERAC. CORRENTES	239.939.324,92	7.704.080,00	240.334.548,19
CRÉDITOS GASTO POR OPERAC. CORRENTES	225.722.263,62	7.327.211,18	225.740.718,07
SALDO POR OPERACIÓNS CORRENTES	14.217.061,30	376.868,82	14.593.830,12

c) Déficit ou superávit por operacións non financeiras: Saldo orzamentario non financeiro ou capacidade de financiamento (sen axustes SEC-10).

Seguindo a clasificación prevista no apartado anterior:

	Concello	XMU	Consolidado
PREVISIÓNS DE INGRESO POR OPERAC. NON FINANCEIRAS	256.515.610,40	7.704.080,00	256.910.833,67
CRÉDITOS DE GASTO POR OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	256.515.610,40	7.704.080,00	256.910.833,67
SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO	0,00	0,00	0,00

d) Análise dos fluxos orzamentarios: Aforro bruto e aforro neto.

A doutrina acuñou os termos aforro bruto e aforro neto para referirse aos fluxos que foron tradicionalmente empregados na análise orzamentaria, confirmando a tradicional esixencia da procura do equilibrio entre os recursos ordinarios ou correntes (capítulos 1 a 5 do estado de ingresos) e as obrigas derivadas de operacións ordinarias, correntes e financeiras (capítulos 1 a 5 e 9 do estado de gastos).


O cálculo de fluxos orzamentarios permite comprobar a existencia de equilibrio nas operacións de carácter ordinario e, por conseguinte, detectar as posibles tensións financeiras da entidade local.

O aforro bruto calcúlase como a diferenza entre os ingresos e os gastos de natureza corrente, que se caracterizan polo seu carácter recorrente ou habitual. Loxicamente, a correcta interpretación desta magnitude esixe a depuración daqueles ingresos clasificados como correntes que non teñen carácter normal ou ordinario, e de aqueles que, pola súa natureza afectada, deban destinarse necesariamente a financiar gastos de inversión tales como as contribucións especiais, as cotas de urbanización ou os aproveitamentos urbanísticos.

O aforro bruto representa, polo tanto, o exceso de financiamento derivado das operacións correntes. Unha parte deste superávit debe ir destinado á devolución da débeda que vence no exercicio, recibindo a diferenza resultante a denominación de aforro neto. Se o aforro neto é positivo, destinarase a financiar os gastos orixinados polas operacións de inversión, xunto cos recursos procedentes de tales operacións. Se, polo contrario, o aforro neto é negativo, a entidade terá que recorrer á débeda ou á alleamento de inversións para poder atender ao pago da carga financeira ou incluso as obrigas correntes.

Non debemos confundir o aforro neto orzamentario a que nos estamos a referir co aforro neto legal definido no artigo 53 do TRLRFL, necesario para determinar a necesidade ou non de obter autorización previa do órgano de tutela financeira para a concertación de operacións de crédito a longo prazo.

Deste xeito, a análise dos fluxos orzamentarios permite verificar, en definitiva, que os recursos procedentes do endebedamento e os demais ingresos extraordinarios ou non correntes,

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/12/2018 13:15	Páxina 24 de 66
	Expediente 55/142	CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

unicamente se empregan para os fins previstos na lexislación vixente, evitando os riscos dunha posible descapitalización da entidade.

Análise de fluxos orzamentarios:

Orzamento	Concello de Vigo	XMU	Consolidado
+ Ingresos correntes (capítulos 1 a 5)	239.939.324,92	7.704.080,00	240.334.548,19
- Ingresos correntes extraordinarios	0,00	205.700,00 (1)	205.700,00
- Ingresos correntes afectados a inversións	1.000.000,00 (2)	0,00	1.000.000,00
- Gastos correntes (capítulos 1 a 5)	225.722.263,62	7.327.211,18	225.740.718,07
Aforro bruto orzamentario	14.217.061,30	376.868,82	13.388.130,12
- Gastos amortización débeda (cap. 9)	0,00	0,00	0,00
Aforro neto orzamentario	14.217.061,30	376.868,82	13.388.130,12

- (1) Axuda CCAA redacción PXOM. Aplicación 450.60
(2) Contribucións especiais incendios. Aplicación 351.00

Do que resulta que, dende un punto de vista dos fluxos orzamentarios, os proxectos de orzamentos do Concello de Vigo e a XMU, tanto analizados individualmente como en termos consolidados, se presentan equilibrados e con nivelación orzamentaria, de modo que os ingresos correntes ordinarios resultan suficientes para financiar a totalidade dos gastos correntes e as amortizacións dos pasivos financeiros do exercicio, resultando un aforro neto orzamentario que permite o financiamento de novos gastos de capital por importe de 13.388.130,12 euros en termos consolidados.

En consecuencia, o aforro bruto orzamentario financia a formación de capital e a necesidade de financiamento.

Sétimo.- Cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

O artigo 165 do TRLRFL establece que o orzamento xeral das Entidades Locais atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria, e así, o artigo 11.4 LOEOF establece que as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario.

Pola súa banda, o art.º 4.1 do RDLEP dispón as entidades locais, os seus organismos autónomos e os entes públicos dependentes daquelas, que presten servizos ou produzan bens non financiados maioritariamente con ingresos comerciais, aprobarán, executarán e liquidarán os seus orzamentos consolidados axustándose ao principio de estabilidade orzamentaria.

Para estes efectos, entenderase cumprido o obxectivo de estabilidade cando os orzamentos iniciais ou, no seu caso, modificados, e as liquidacións orzamentarias alcancen, unha vez consolidados, e en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, o obxectivo de equilibrio ou superávit establecido para as entidades locais, sen prexuízo do disposto, se é o caso, nos plans económico-financeiros aprobados e en vigor (artigo 15 RDLEP).

A avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade corresponde á Intervención local (art. 16 RDLEP), que elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes. Este informe emitirase con carácter



independente e incorporarase aos previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, ás súas modificacións e á súa liquidación.

Por este motivo tense incorporado ao expediente informe independente desta Intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria no que se conclúe que o proxecto de orzamento consolidado do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria.


Oitavo.- Bases de execución dos orzamentos.

As bases de execución conterán a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia entidade e dos seus organismos autónomos, así como aquelas outras necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións se consideren oportunas ou convenientes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos, sen que poidan modificar o lexislado para a administración económica nin comprender preceptos de orde administrativa que requiran legalmente procedemento e solemnidades específicas distintas do previsto para o orzamento (arts. 165.1 da TRLRFL e 9 do RO).

a) Contido mínimo. As bases de execución incluídas no proxecto de orzamento xeral do ano 2018 inclúen a regulación necesaria das materias a que se refire o art.º 9.2 do RO:

Materia	Base reguladora
niveis de vinculación xurídica dos créditos	4ª
relación expresa e taxativa dos créditos que se declaren ampliables, con detalle dos recursos afectados	13.2ª
regulación das transferencias de créditos, establecendo, en cada caso, o órgano competente para autorizalas	9ª
tramitación dos expedientes de ampliación de créditos	13ª
tramitación dos expedientes de xeración de créditos	10ª
tramitación dos expedientes de incorporación de remanentes de créditos	11ª
normas que regulen o procedemento de execución do orzamento	14ª e seguintes
desconcentracións ou delegacións en materia de autorización e disposición de gastos, así como de recoñecemento e liquidación de obrigas	15ª e seguintes
documentos e requisitos que, de acordo co tipo de gastos, xustifiquen o recoñecemento da obriga	19ª
forma na que os perceptores de subvencións deban acreditar o atoparse ao corrente das súas obrigas fiscais e xustificar a aplicación de fondos recibidos	38ª
supostos nos que poidan acumularse varias fases de execución do orzamento de gastos nun só acto administrativo	14ª
normas que regulen a expedición de ordes de pago a xustificar e anticipos de caixa fixa	23ª e 24ª
regulación dos compromisos de gastos plurianuais	26ª

b) Os niveis de vinculación xurídica establecidos na base 4ª.2 de execución dos orzamentos son os seguintes:

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/12/2018 13:15	Páxina 26 de 66
	Expediente 55/142	CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

1. Capítulos I, III, VIII, e IX: Áreas de gasto e capítulo. Con todo, terán carácter vinculante co nivel de desagregación económica con que aparezan nos estados de gastos, os incentivos ao rendemento (produtividade e gratificacións).
2. Capítulo II e IV, a vinculación será por programa e artigo. Maila o anterior, se a aplicación xorde como consecuencia dunha xeración de crédito ou crédito extraordinario, a vinculación será consigo mesma, é dicir, (aplicación orzamentaria) programa de gasto e partida económica.
3. As aplicacións que conforman os capítulos VI e VII financiados con recursos propios, o seu nivel de vinculación será o do programa e artigo. Para o caso de financiamento alleo a vinculación será consigo mesma.
4. A Aplicación do Fondo de Continxencia, 9290.5000000, non vincula con ningunha.

Se a aplicación xorde como consecuencia dunha xeración de crédito, dun crédito extraordinario ou con calquera tipo de financiamento afectado, o seu nivel de vinculación será consigo mesma, é dicir, aplicación (programa e partida), coa excepción no caso da xeración de crédito, que a mesma se faga sobre unha aplicación que xa tiña consignación, neste caso, a vinculación manterá o nivel previsto inicialmente.

Estes niveis de vinculación xurídica dos créditos considéranse acertados para unha adecuada xestión dos gastos, conforme á experiencia tida na xestión orzamentaria dos últimos anos.

c) Fondo de continxencia de execución orzamentaria.

A lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, estableceu un novo marco de xestión orzamentaria para todas as Administracións Públicas, e así estende a determinadas Corporacións Locais, entre as que se atopa o Concello de Vigo, a obrigatoriedade de incluír nos orzamentos un fondo de continxencia para poder facer fronte a determinadas necesidades de gasto non previstas nas dotacións iniciais do orzamento⁴.

O Concello de Vigo, a través da base 5ª bis de execución dos orzamentos para 2019, regula de forma específica a dotación ao Fondo de Continxencia na aplicación 9290.5000000, cunha contía de 600.000 euros, nos seguintes termos:

- 1.- (...) o Fondo de Continxencia, dótase na aplicación 9290.5000000, cunha contía de 600.000 euros.
- 2.- O Fondo destinarase exclusivamente a atender necesidades de carácter non discrecional e non previstas no Orzamento inicialmente aprobado (...).
- 3.- A aplicación orzamentaria do Fondo vincúlase consigo mesma. Con cargo ao Fondo, non poderá imputarse directamente gasto algún. Tan só será utilizable, sempre que non existan outros recursos orzamentarios-financeiros para facer fronte ás necesidades de carácter non discrecional e non previstas no Orzamento inicialmente aprobado.
- 4.- O Fondo poderá financiar modificacións orzamentarias cualificadas como Suplementos de Crédito ou Créditos Extraordinarios para atender aquel tipo de necesidades excepcionais. O expediente de modificación de créditos financiado co

- 4 O artigo 31 da LOEOSF establece que "O Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais incluídas no ámbito subxectivo dos artigos 111 e 135 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais incluírán nos seus orzamentos unha dotación diferenciada de créditos orzamentarios que se destinará, cando proceda, a atender necesidades de carácter non discrecional e non previstas no orzamento inicialmente aprobado, que poidan presentarse ao longo do exercicio.

A contía e as condicións de aplicación da devandita dotación será determinada por cada Administración Pública no ámbito das súas respectivas competencias".



Fondo de Continxencia, será aprobado polo Pleno da Corporación con suxeición aos requisitos previstos no TRLRFL, e acreditarase tanto o carácter non discrecional do gasto como a imposibilidade da súa previsión no Orzamento inicial.”

En canto á finalidade e condicións de aplicación, a regulación contida na base 5ª bis estímase congruente coas esixencias establecidas no antedito precepto da LOEOSF.

No que atinxe a súa contía, a dotación orzamentaria establecida supón un 0,23% do importe total dos gastos non financeiros do Concello de Vigo –capítulos 1 a 7-, excluído o importe do propio Fondo, polo que, no caso de resultar preciso a súa utilización, as necesidades cubertas polo Fondo terán o seu límite cuantitativo na citada dotación orzamentaria.

d) Dotación a saldos de dubidoso cobro.

A base 54ª establece os coeficientes para a dotación dos dereitos pendentes de cobro que se consideran de difícil ou imposible recadación, dende o 80% ata o 100%, en función da antigüidade dos mesmos.

O artigo 193.bis do TRLRFL, incorporado pola Lei 27/2013, establece que os dereitos pendentes de cobro liquidados dentro dos orzamentos dos dous exercicios anteriores ao que corresponde a liquidación, se minorarán, como mínimo, nun 25 por cento. Os correspondentes ao exercicio terceiro anterior ao que corresponde a liquidación, se minorarán, como mínimo, nun 50 por cento, o cuarto e quinto, nun 75 por cento, e os superiores, nun 100 por cento; polo que as porcentaxes de dotación previstas na base 54ª son superiores ás dotacións mínimas previstas no citado artigo 193 bis do TRLRFL, dándose cumprimento deste xeito ao disposto no citado precepto.

e) Outras consideracións.

Tendo en conta que as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos para o exercicio 2019 conteñen aspectos que teñen incidencia sobre a xestión de determinados gastos (persoal, subvencións, convenios, ...), resultaría recomendable que na fase de elaboración das mesmas tiveran participación as diferentes Áreas e/ou Servizos chamados a cumprilas xa que o seu obxectivo debe de ser facilitar e mellorar a xestión orzamentaria local.

Noveno.- Estado de gastos.

A nivel consolidado, o Proxecto de Orzamento Xeral presenta uns créditos de 257.581.833,67 euros, o que supón un incremento do 0,41 por cento respecto ao orzamento inicial do exercicio anterior, ou o que é o mesmo 1.039.137,53 euros máis que no ano 2018. Se a análise comparativa a facemos respecto ao Orzamento Non Financeiro a variación entre ambos os dous exercicios é tamén positiva e supón un total de 1.039.137,53 euros de incremento en 2019 sobre 2018, é dicir un 0,41 por cento máis, en termos porcentuais.

PROXECTO DE ORZAMENTO CONSOLIDADO DE GASTOS DO CONCELLO DE VIGO E ORGANISMOS AUTÓNOMOS (DISTRIBUCIÓN POR CAPÍTULOS)

CAPÍTULOS	PROXECTO DE ORZAMENTO 2019	ORZAMENTO 2018	VARIACIÓN	VARIACIÓN % 19/18
-----------	-------------------------------	----------------	-----------	----------------------



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15

Páxina 28 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

1 GASTOS DE PERSOAL	71.949.645,30	69.712.103,38	2.237.541,92	3,21 %
2 GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVICIOS	125.158.944,96	121.690.910,43	3.468.034,53	2,85 %
3 GASTOS FINANCEIROS	3.530,00	3.530,00	0,00	0,00 %
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	28.028.597,81	28.102.825,42	-74.227,61	-0,26 %
5 FONDO CONTINXENCIA E IMPREVISTOS	600.000,00	600.000,00	0,00	0,00 %
GASTOS CORRENTES	225.740.718,07	220.109.369,23	5.631.348,84	2,56 %
6 INVERSIÓN REAIS	30.139.367,36	34.781.257,41	-4.641.890,05	-13,35 %
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.030.748,24	981.069,50	49.678,74	5,06 %
OPERACIÓN DE CAPITAL NON FINANCEIRAS	31.170.115,60	35.762.326,91	-4.592.211,31	-12,84 %
GASTOS NON FINANCEIROS	256.910.833,67	255.871.696,14	1.039.137,53	0,41 %
8 ACTIVOS FINANCEIROS	671.000,00	671.000,00	0,00	0,00 %
9 PASIVOS FINANCEIROS	0,00	0,00	0,00	0,00 %
OPERACIÓN FINANCEIRAS	671.000,00	671.000,00	0,00	0,00 %
TOTAL GASTOS	257.581.833,67	256.542.696,14	1.039.137,53	0,41 %

A distribución por aplicacións do Orzamento Xeral do Concello de Vigo e o da XMU, así como as variacións con respecto ao exercicio precedente, son obxecto de análise detallado tanto na memoria como nos informes económico-financeiros incorporados ao expediente.

Capítulo I: Gastos de persoal.

O Capítulo 1 "Gastos de Persoal" para 2019 ascende a 71.949.645,30 euros, dos QUE, 67.882.697,30 euros corresponden ao Concello de Vigo e 4.066.948,00 á XMU. O orzamento total consolidado deste capítulo supón un incremento do 3,21 por cento respecto ao de 2018.

O importe total da valoración do anteproxecto do capítulo 1 feita pola Área de Recursos Humanos e Formación é coincidente co importe total consignado no capítulo 1º do estado de gastos, cuxas dotacións recollen remuneracións unicamente polos conceptos retributivos establecidos na normativa de función pública.

Segundo o informe económico de gastos asinado polo funcionario responsable da contabilidade e da xestión orzamentaria, as dotacións incluídas no capítulo I do estado de gastos recollen un incremento global do 3,21% con respecto ás do exercicio 2018, sendo o incremento das aplicacións correspondentes aos conceptos retributivos susceptibles de ser actualizados pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado do 3,27%, e non aplicándose este incremento ás dotacións correspondentes ao Plan de pensións, Produtividade, Gratificacións, Formación e Fondo Social.

O incremento do 3,27% prodúcese como consecuencia da aplicación dun incremento adicional do 0,75% aprobado no ano 2018 para as retribucións do persoal ao servizo do sector público (0,50% fixo e 0,25% adicional aprobado polo Consello de Ministros no mes de xullo de 2018 como consecuencia do cumprimento do obxectivo de crecemento do PIB, ambos previstos na LOXE para o ano 2018), e do 2,50% previsto para 2019 no "II Acordo para a mellora do emprego público e de condicións de traballo" asinado entre o Ministro de Facenda e Función Pública e os representantes dos



sindicatos da Función Pública (2,25% fixo e 0,25% adicional), publicado no BOE número 74, de 26 de marzo de 2018⁵.

Hai que ter en conta que as dotacións incluídas no capítulo I do estado de gastos do exercicio 2018 recolleron unicamente un incremento do 1% con respecto ás do exercicio 2017.

Deste xeito o 3,27% obtense do seguinte cálculo:

$$1 \times ((1+0,75\%) \times 2,50\%) - 1 = 3,27\%$$

Ademais as retribucións dos funcionarios do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos consignadas no proxecto de orzamentos e documentación anexa, axústanse na súa contía e distribución, no que se refire ao soldo, trienios, pagas extraordinarias e complemento de destino, ao establecido na Lei de Orzamentos Xerais do Estado, de conformidade co disposto nos artigos 2 e 3 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.

Límites á contía global dos complementos específicos, de produtividade e gratificacións.

Segundo o disposto no artigo 7 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local, a cantidade que resulte de restar á masa retributiva global presupostada para cada exercicio económico, excluída a referida ao persoal laboral, a suma das cantidades que ao persoal funcionario lle correspondan polos conceptos de retribucións básicas, axuda familiar e complemento de destino, destinarase:

- c) Ata un máximo do 75 por 100 para complemento específico, en calquera das súas modalidades, incluíndo o de penosidade ou perigosidade para a Policía Municipal e Servizo de Extinción de Incendios.
- d) Ata un máximo do 30 por 100 para complemento de produtividade.
- e) Ata un máximo do 10 por 100 para gratificacións.

Examinadas as cifras presupostadas, obtéñense as seguintes porcentaxes:

5 O punto Primeiro do II Acordo para a mellora do emprego público e de condicións de traballo di:

“Primero. Aprobación de un incremento retributivo para el personal al servicio del sector público.

Se acuerda un marco plurianual de incremento salarial fijo, más un porcentaje adicional de incremento ligado al crecimiento de la economía, calculado en función del crecimiento de PIB real, que recogerán los proyectos de Leyes de Presupuestos Generales del Estado para 2018, 2019 y 2020. Las retribuciones ligadas a los objetivos de PIB, se abonarán con efectos de 1 de julio de cada ejercicio.

Asimismo en el año 2020 se prevé la posibilidad de una subida adicional si se cumplen los objetivos en materia de estabilidad presupuestaria (déficit público) establecidos para el Reino de España.

Año 2018:

El incremento en 2018 será de un 1,75 % (1,50 % fijo +0,25 % variable ligado al cumplimiento del objetivo de crecimiento del PIB, en 2017, establecido en un 3,1 %)

Se prevé asimismo que cada Administración pueda destinar un 0,20% adicional de su masa salarial en fondos adicionales.

Año 2019:

El incremento fijo será de un 2,25 %

El incremento variable se establece:

Para un crecimiento del PIB igual o superior al 2,5 %, será de un 0,25 % adicional, lo que supone un 2,50 % de incremento total.

Para un crecimiento inferior al crecimiento del PIB del 2,5 %, el incremento disminuirá proporcionalmente en función de la reducción del crecimiento que se haya producido sobre dicho 2,5 %.

De acuerdo con lo previsto en el apartado relativo a Fondos adicionales, se prevé asimismo que cada Administración pueda destinar un 0,25 % de su masa salarial para fondos adicionales.”



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15

Páxina 30 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Base de cálculo: 15.429.357,80 (Complemento específico, produtividade, gratificacións e achegas do Concello ao Plan de Pensións)

Descrición	Importe	Porcentaxe	Porcentaxe límite	Importe límite
Complemento específico funcionarios 121 01	15.630.924,68	92,14 %	75,00 %	12.723.029,76
Complemento produtividade 150 00	400.000,00	2,36 %	30,00 %	5.089.211,90
Gratificacións 151 00	400.000,00	2,36 %	10,00 %	1.696.403,97
Achegas Concello Plan de Pensións 127 00	533.115,00	3,14 %		
Base de cálculo	16.964.039,68			

Polo que, se temos en conta as cifras do proxecto de orzamento, o importe correspondente ao complemento específico dos funcionarios supera a porcentaxe máxima do 75% da masa retributiva establecida no artigo 7 do Real Decreto 861/1986, polo que na fase de execución e liquidación orzamentaria deberá verificarse o cumprimento dos anteditos límites, de xeito que ao final do exercicio a contía total dos citados conceptos retributivos non exceda dos importes máximos sinalados. En calquera caso, as contías máximas previstas na Disposición Adicional 7ª das Bases de Execución dos Orzamentos, 3 millóns de euros para o complemento de produtividade e 1,5 millóns para gratificacións, atoparíanse dentro dos límites sinalados.

Polo que se refire ao **cadro de persoal orzamentario**, o Concello de Vigo ten, segundo os datos incorporados pola área de Recursos Humanos e Formación, un total de 1.431 postos de traballo, dos que 306 atópanse vacantes (taxa de postos vacantes 21,38%).

En relación coa **Oferta de Emprego Público**, conforme ao disposto na parte normativa da LOXE 2018 -artigo 19-, unicamente poderá procederse á incorporación de novo persoal con suxeición aos límites e requisitos establecidos no citado precepto, salvo a que poida derivarse da execución de procesos selectivos correspondentes a Ofertas de Emprego Público de exercicios anteriores.

Así, respectando, en todo caso, as dispoñibilidades orzamentarias do Capítulo I dos correspondentes orzamentos de gastos, o Concello de Vigo terá unha taxa de reposición de efectivos do 100 por cen, ao haber cumprido os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública e a regra de gasto.

Adicionalmente, ao ter amortizada a totalidade da débeda financeira, O Concello de Vigo poderá dispoñer dunha taxa do 10% por cento destinada a aqueles ámbitos ou sectores que requiran un reforzo de efectivos, sempre dentro do marco da estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Esta porcentaxe adicional utilizarase preferentemente cando se dea, entre outras, algunha das seguintes circunstancias: establecemento de novos servizos públicos, incremento de actividade estacional pola actividade turística ou alto volume de xubilacións esperadas.

Para a Policía Local a taxa de reposición será do 115 por cento.

A taxa de reposición poderá acumularse indistintamente en calquera sector ou colectivo.

A validez destas taxas de reposición estará condicionada a que as prazas resultantes inclúanse nunha Oferta de Emprego Público que, de conformidade co



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15

Páxina 31 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

establecido no apartado 2 do artigo 70 do EBEP, deberá ser aprobada polos respectivos órganos de Goberno das Administracións Públicas e publicarse no Boletín Oficial correspondente antes da finalización de cada ano.

A validez da devandita autorización estará igualmente condicionada a que a convocatoria das prazas efectúese mediante publicación da mesma no Diario oficial da Provincia, Comunidade Autónoma ou, no seu caso, do Estado, no prazo improrrogable de tres anos, a contar desde a data da publicación da Oferta de Emprego Público na que se inclúan as citadas prazas, cos requisitos establecidos no parágrafo anterior, de conformidade co disposto no apartado 1 do artigo 70 do EBEP.

Para calcular a taxa de reposición de efectivos, a porcentaxe de taxa máximo fixado aplicarase sobre a diferenza resultante entre o número de empregados fixos que, durante o exercicio orzamentario anterior, deixaron de prestar servizos en cada un dos respectivos sectores, ámbitos, corpos ou categorías, e o número de empregados fixos que se incorporaron nos mesmos, no referido exercicio, por calquera causa, excepto os procedentes de ofertas de emprego público, ou reingresado desde situacións que non leven a reserva de postos de traballo. A estes efectos, computaranse os cesamentos na prestación de servizos por xubilación, retiro, falecemento, renuncia, declaración en situación de excedencia sen reserva de posto de traballo, perda da condición de funcionario de carreira ou a extinción do contrato de traballo ou en calquera outra situación administrativa que non supoña a reserva de posto de traballo ou a percepción de retribucións con cargo á Administración na que se cesa. Igualmente, teranse en conta as altas e baixas producidas polos concursos de traslados a outras Administracións Públicas.

Non computarán dentro do límite máximo de prazas derivado da taxa de reposición de efectivos as prazas que se convoquen para a súa provisión mediante procesos de promoción interna e as correspondentes ao persoal declarado indefinido non fixo mediante sentenza xudicial.

Esta previsión ten que ser conxugada coa esixencia contida no artigo 28 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia⁶, do que se deduce que todos os postos ocupados por persoal declarado indefinido non fixo por sentenza non incluídos en anteriores ofertas de emprego teñen necesariamente que ser incluídos na primeira Oferta de Emprego Público que se aprobe.

Ademais, autorízase unha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal que incluírá as prazas de natureza estrutural que, estando dotadas nos orzamentos, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2017 nos seguintes sectores e colectivos: persoal dos servizos de administración e servizos xerais, de investigación, de saúde pública e inspección médica así como outros servizos públicos.

6 O artigo 28 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, dispón o seguinte:

"1. Las relaciones de puestos de trabajo serán objeto de las modificaciones necesarias para ajustarlas a la creación de puestos derivados de sentencias judiciales firmes que reconozcan situaciones laborales de carácter indefinido, cuando la persona afectada no pudiera ser adscrita a un puesto de trabajo vacante. La propuesta de modificación de la relación de puestos de trabajo deberá efectuarse en el plazo máximo de tres meses, a contar a partir de la fecha de la firmeza de la sentencia judicial.

2. Los puestos de trabajo creados en aplicación de lo previsto en este artículo se incluirán en las correspondientes relaciones de puestos de trabajo como puestos de personal funcionario o, excepcionalmente, de personal laboral cuando la naturaleza de sus funciones así lo requiera, y se incorporarán a la oferta de empleo público, salvo que se disponga su amortización.

3. Una vez modificada la relación de puestos de trabajo, la persona afectada será adscrita al puesto de nueva creación.

4. Incurrirán en responsabilidad, en los términos previstos por la presente ley, las personas que con su actuación irregular den lugar a la conversión en indefinida de una relación laboral de carácter temporal o a la adquisición de la condición de empleado público por una persona que no la ostentara."



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15

Páxina 32 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Polo demais, non se poderá proceder á contratación de persoal temporal, así como ao nomeamento de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.

No capítulo I "Gastos de Persoal" tamén se inclúen, entre outros, os créditos necesarios para a **acción social**, así como para atender os gastos por **achegas aos plans de pensións** do persoal dependente do Concello de Vigo e da XMU.

Nos orzamentos aparecen consignadas as retribucións, indemnizacións e asistencias dos membros da Corporación nos termos e coas limitacións establecidas nos apartados 1 a 4 do artigo 75 da LRBRL.

As **retribucións dos membros da Corporación municipal** non superan, en ningún caso, o límite máximo total que poden percibir os membros das Corporacións Locais por todos os conceptos retributivos e asistencias, excluídos os trienios aos que no seu caso teñan dereito aqueles funcionarios de carreira que se encontren en situación de servizos especiais, establecido, para os municipios con poboación entre 150.001 e 300.000 habitantes, en 80.000 euros, segundo a disposición adicional nonaxésima da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2014, modificada polo artigo undécimo do Real Decreto-lei 1/2014, de 24 de xaneiro, de reforma en materia de infraestruturas e transporte, e outras medidas económicas.

O número de **membros da Corporación que presta os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva**, nove, non excede do límite sinalado no apartado j) do artigo 75 ter da LRBRL, precepto engadido pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, e aplicable a partir do 1 de xullo de 2015 segundo a Disposición Transitoria Décima da 27/2013 Lei de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local⁷.

Así mesmo, o **número de postos de traballo de persoal eventual** incluídos no cadro de persoal orzamentario, vinte e un, non excede do límite sinalado no apartado f) do artigo 104 bis da LRBRL, precepto engadido pola Lei 27/2013, do 27 de decembro e igualmente aplicable a partir do 1 de xullo de 2015 segundo a Disposición Transitoria Décima da 27/2013 Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local⁸.

Segundo o disposto no artigo 37 da Lei 7/2007, de 12 de abril, polo que se aproba o Estatuto Básico do Empregado Público⁹, tamén forma parte da documentación incorporada ao expediente, acta da Mesa Xeral de negociación de data 8/10/2017.

En definitiva, os créditos asignados ás aplicacións orzamentarias do capítulo 1º do estado de gastos estímense suficientes, globalmente considerados, para atender todas as retribucións fixas e variables e indemnizacións a satisfacer polo Concello de Vigo e os seus Organismos autónomos ao persoal que presta os seus servizos neles, os gastos por cotizacións obrigatorias aos distintos réximes de Seguridade Social, as prestacións sociais así como os gastos de natureza social realizados en cumprimento de acordos e disposicións vixentes.

7 Nos Concellos de Municipios con poboación comprendida entre 100.001 e 300.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá de dezaioito.

8 Os Concellos de Municipios con poboación superior a 75.000 e non superior a 500.000 habitantes poderán incluír nos seus persoais postos de traballo de persoal eventual por un número que non poderá exceder do número de concelleiros da Corporación local.

9 Artículo 37 TREBEP . Materias obxecto de negociación.

"1. Serán objeto de negociación, en su ámbito respectivo y en relación con las competencias de cada Administración Pública y con el alcance que legalmente proceda en cada caso, las materias siguientes:

a) La aplicación del incremento de las retribuciones del personal al servicio de las Administraciones Públicas que se establezca en la Ley de Presupuestos Generales del Estado y de las Comunidades Autónomas. (...)."



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15

Páxina 33 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Execución orzamentaria aplicacións produtividade (150 00) e gratificacións (151 00) no período 2010-2017.

Non obstante o disposto no parágrafo precedente en canto á suficiencia global dos créditos, se temos en conta os datos das últimas liquidacións orzamentarias aprobadas (2010 a 2017), podemos constatar como os créditos iniciais asignados ás aplicacións orzamentarias 9200.1500000 “produtividade” e 9200.1510000 “gratificacións”, unicamente representan, por termo medio, o 30,86% e o 27,05%, respectivamente, do importe total das obrigas recoñecidas a fin de exercicio, sendo a previsión da Área de Recursos Humanos que no ano 2019 se manteña esta tendencia de gasto.

Cadro: Execución orzamentaria período 2010-2017.

AÑO	PARTIDA	DOTACIÓN INICIAL	MODIFIC.	CRÉDITOS DEFINITIVOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS	% CRED. INIC./ OR	% OR / CRED. DEF.
2017	150 00	500.000,00	1.487.376,11	1.987.376,11	1.576.437,84	31,72 %	79,32 %
2016	150 00	500.000,00	838.965,43	1.338.965,43	1.078.708,04	46,35%	80,56%
2015	150 00	301.437,49	1.653.010,34	1.954.447,83	1.769.596,44	17,03%	90,54%
2014	150 00	301.437,49	898.562,51	1.200.000,00	1.181.968,44	25,50%	98,50%
2013	150 00	400.000,00	615.479,02	1.015.479,02	888.085,56	45,04%	87,45%
2012	150 00	400.000,00	695.622,31	1.095.622,31	1.044.016,72	38,31%	95,29%
2011	150 00	400.000,00	992.744,61	1.392.744,61	1.217.358,09	32,86%	87,41%
2010	150 00	150.000,00	987.292,42	1.137.292,42	812.427,68	18,46%	71,44%

AÑO	PARTIDA	DOTACIÓN INICIAL	MODIFIC.	CRÉDITOS DEFINITIVOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS	% CRED. INIC./ OR	% OR / CRED. DEF.
2017	151 00	400.000,00	1.361.998,61	1.761.998,61	1.688.278,30	23,69 %	95,82 %
2016	151 00	500.000,00	1.232.515,87	1.732.515,87	1.727.906,07	28,94%	99,73%
2015	151 00	500.000,00	988.861,56	1.488.861,56	1.478.786,31	33,81%	99,32%
2014	151 00	500.000,00	976.910,28	1.476.910,28	1.448.358,36	34,52%	98,07%
2013	151 00	500.000,00	1.014.326,00	1.514.326,00	1.472.177,68	33,96%	97,22%
2012	151 00	500.000,00	970.619,23	1.470.619,23	1.460.875,30	34,23%	99,34%
2011	151 00	500.000,00	1.332.024,04	1.832.024,04	1.825.167,86	27,39%	99,63%
2010	151 00	200.000,00	2.194.875,38	2.394.875,38	2.206.321,26	9,06%	92,13%

Por este motivo, tendo en conta que o crédito inicial de cada unha de ditas aplicacións no proxecto de orzamentos do ano 2019 é de 400.000,00 euros, e que a vinculación xurídica de ditas aplicacións é consigo mesma, no probable suposto de necesitar unha contía adicional de crédito orzamentario para atender as obrigas de gasto xeradas con cargo ás mesmas, deberanse tramitar as oportunas modificacións de créditos minorando ás dotacións non consumidas como consecuencia da existencia dun elevado número de prazas vacantes non cubertas e dotadas nos orzamentos. En calquera caso, lémbrese que calquera traballos, autorizacións ou encomendas que poidan supoñer o recoñecemento dun complemento de produtividade ou unha gratificación, debe de ser obxecto de autorización previa polo órgano competente, momento no que se comprobará a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria que corresponda.

Aplicación orzamentaria (9200.14000) “Interinos sen praza”.

A mesma conclusión podemos chegar con respecto a dotación adicional necesaria, de ser o caso, para facer fronte aos gastos imputables á aplicación 9200.1400000 “interinos sen praza”, cunha dotación inicial prevista de 578.745,75



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15

Páxina 34 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

euros.

Así, a técnica de Formación e Avaliación da área de recursos humanos, no seu informe de data 09/10/2018 incorporado ao expediente, di que: *“Aínda que o nomeamento de persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase Unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados no Acordo da Xunta de Goberno Local de data 20/06/2014, anteriormente citado, como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, debido ao elevado número de vacantes existentes, o importe do gasto realizado na aplicación 920.0.1400000 vense incrementando ano tras ano”*.

En efecto, segundo os datos da liquidación do ano 2017 con cargo á aplicación orzamentaria 9200.1400000 recoñecéronse obrigas no citado ano por 2.400.459,84 euros (fronte a un crédito inicial de 200.000,00 euros), e no presente exercicio 2018 a data 19/10/2018 téñense recoñecido obrigas por 2.945.765,59 euros, con idéntico crédito inicial, polo que a final do exercicio é posible que o gasto nesta aplicación orzamentaria alcance unha cifra preto dos 4 millóns de euros.

En relación coa dotación inicial para o exercicio 2019, manifestan os técnicos da Área de Recursos Humanos e Formación que: *“Amais, a data de hoxe xa existe gasto aprobado para o ano 2019 con cargo a dita aplicación orzamentaria por importe de 937.017,75€, correspondente a nomeamentos interinos por acumulación de tarefas que finalizan o vindeiro ano e nomeamentos interinos por programas dacordo co artigo 10, apartado 1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro*.

Dita aplicación dótese cunha contía inicial para dar cobertura al menos ao devengo de dous meses, xa que no transcurso dese prazo, as 306 prazas vacantes no Cadro de Persoal das 1431 existentes, xeran un excedente mensual de 786.549,93€, cantidade que verase reducida en función das execución das ofertas de emprego pendentes de executar e, que será utilizable como recursos para a tramitación das preceptivas modificacións orzamentarias para suplementar esta aplicación e dótala de recursos necesarios e suficientes para dar cobertura ás necesidades que xeran os acordos adoptados”.

Esta Intervención debe manifestar que a lexislación vixente (Lei Orzamentos) configura o recurso ao nomeamento de persoal funcionario interino por exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de 6 meses, como unha modalidade de carácter excepcional e circunstancial, polo que non se debe de recorrer a este tipo de nomeamentos de forma habitual e continuada no tempo baixo o paraugas dunha urxente e inaprazable necesidade, nin tampouco para satisfacer necesidades estruturais nin permanentes da Administración, tal e como ven sucedendo nestes últimos anos e, particularmente, no ano 2018.

Con independencia de calquera outra consideración, este gasto constitúe loxicamente gasto computable tanto aos efectos de verificar o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria como a regra de gasto.

Polo contrario, de considerarse adecuada a dotación inicial destas aplicacións polo importe estimado anual, entendo que debería facerse unha amortización de prazas vacantes non incluídas nas ofertas de emprego público, liberando deste xeito crédito orzamentario para outras finalidades sen incrementar o teito de gasto. Por este motivo, para garantir unha adecuada estabilidade e equilibrio orzamentario, debe facerse un control e seguimento constante do capítulo 1 do estado de gastos dos orzamentos, así como da execución das Ofertas de Emprego Público de exercicios anteriores, de modo que se garanta en todo momento a suficiencia dos créditos presupostados para atender ao cumprimento dos gastos de persoal.

- **Capítulo 2: Gastos correntes en bens e servizos.**



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15

Páxina 35 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

O capítulo II do proxecto de Orzamentos do Concello de Vigo ascende a 123.267.438,51 euros, que supón unha variación positiva ou incremento porcentual do 2,74 por 100 sobre o mesmo capítulo do orzamento do ano 2018, e representa un 47,93 por 100 respecto do total do orzamento e un 48,05 por 100 sobre os gastos correntes non financeiros. En canto á variación positiva nos estados consolidados deste capítulo en relación co orzamento do ano 2018 é do 2,85 por 100.

Nos estados consolidados este capítulo ascende a 125.158.944,96 euros, representa o 48,59 por 100 sobre o orzamento total e o 48,72 por 100 sobre os gastos correntes non financeiros.

De acordo á Memoria e ao informe económico elaborado pola Dirección Orzamentaria, este capítulo recolle todos os compromisos de carácter contractual e outros gastos necesarios para o funcionamento operativo, estando dotadas as aplicacións de forma axeitada e suficiente para facer fronte ás obrigas de carácter contractual e todas aquelas que se consideran necesarias para o bo funcionamento dos servizos, tanto as vixentes, por derivarse de compromisos de gasto de carácter plurianual asumidos nos exercicios 2018 e anteriores, como as que se prevén licitar no ano 2019.

Tamén indica o citado informe que as aplicacións que forman este capítulo teñen recollidas as actualizacións de prezos conforme aos sistemas ou fórmulas de revisión previstas nos pregos de cláusulas administrativas particulares.

- **Capítulos 3 e 9: Gastos financeiros e Pasivos financeiros.**

O **Capítulo 3** do Orzamento Consolidado para 2018 ascende unicamente a 3.530,00 euros, contía irrelevante sobre o importe total do estado de gastos.

Non se consigna importe algún para facer fronte ao aboamento de xuros de préstamos bancarios, xa que nin o Concello de Vigo nin o organismo autónomo local XMU teñen préstamos pendentes de reembolso coas entidades financeiras, nin se prevé a súa concertación ao longo do exercicio 2019 para o financiamento das inversións, razón polo que o peso ponderado deste capítulo sobre o total do Orzamento é absolutamente insignificante (0,00%).

Tampouco se contemplan neste capítulo gastos financeiros como consecuencia da posible concertación de operacións de crédito a curto prazo, estimándose razoable tal consideración habida conta de que non se prevén déficits transitorios de liquidez ao longo do exercicio, segundo o plan de tesouraría elaborado polo tesoureiro municipal. Nesta liña, esta Intervención estima que as existencias de tesourería a 31/12/2018 situaríanse entre 60 e 70 millóns de euros polo que, en principio, non deben de existir tensións de liquidez ao longo do exercicio 2019.

O **Capítulo 9** do orzamento non recolle dotación orzamentaria algunha para facer fronte ás amortizacións das operacións de crédito a longo prazo pendentes de reembolso xa que, como temos dito, nin o Concello nin a XMU teñen débeda financeira.

Neste capítulo non se inclúen os saldos que debe reintegrar o Concello de Vigo ao Estado derivado das liquidacións definitivas da participación nos tributos do Estado correspondente aos exercicios 2008 e 2009 conforme ao disposto na DF Trixésima primeira da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013, que modifica o Real Decreto-Lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, que computan, non como gasto, senón como menor ingreso polo citado concepto.

- **Capítulo 4: Transferencias correntes.**



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15

Páxina 36 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

O capítulo IV do proxecto de Orzamentos do Concello de Vigo ascende a 33.968.597,81 euros, que supón unha variación positiva ou incremento porcentual soamente do 0,12 por 100 sobre o mesmo capítulo do orzamento do ano 2018, e representa un 13,21 por 100 respecto do total do orzamento e un 13,24 por 100 sobre os gastos correntes non financeiros.

En canto á variación nos estados consolidados deste capítulo en relación co orzamento do ano 2018 é do -0,26 por 100. Nos estados consolidados o importe deste capítulo redúcese ata os 28.028.597,81 euros, debido ao axuste por consolidación derivado da transferencia interna do Concello á XMU por importe de 5.940.000,00 euros recollido na aplicación 1510.4100000 do estado de gastos do Concello de Vigo, como achega para o financiamento dos gastos xerais de funcionamento do citado organismo autónomo.

No estado de gastos prevese a concesión directa de **subvencións nominativas**, constando expresamente a dotación orzamentaria e o beneficiario de cada unha de elas, en cumprimento do disposto no artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A estes efectos incorporase ao expediente informe de cada un dos servizos xestores destas subvencións, das razóns ou motivos que xustifican a concesión directa destas subvencións.

A LXS prevé a posibilidade de conceder de forma directa, sen unha convocatoria aberta, as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais. O obxecto destas subvencións deberá quedar determinado expresamente no correspondente convenio de colaboración ou resolución de concesión que, en todo caso, deberá ser congruente coa clasificación funcional e económica do correspondente crédito orzamentario. Por conseguinte, nestas subvencións a execución do gasto subvencionado deberá coincidir co exercicio orzamentario xa que van ligadas ao orzamento anual.

Neste ámbito subvencional, e coa finalidade de regular un tratamento homoxéneo da relación xurídica das subvencións nas diferentes Administracións Públicas, aprobouse a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS). O art. 17.2 da Lei establece que as bases reguladoras das subvencións das Corporacións Locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

En consecuencia, para garantir os principios que deben de rexer na xestión das subvencións, resultaría conveniente continuar e impulsar a tramitación administrativa da Ordenanza Xeral de Subvencións.

Por fin, lembrar que a todo o proceso de concesión de subvencións deberá darse a publicidade oportuna conforme ás prescricións da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia e Bo Goberno.

- **Capítulos 6 e 7: Investimentos reais e transferencias de capital.**

O estado de gastos consolidado contempla operacións de capital non financeiro - capítulos 6 "investimentos" e 7 "transferencias de capital"- por importe de 31.170.115,60 euros, que representan o 12,10% do importe total de dito orzamento.

No que se refire áo gasto en inversións (capítulo VI), prodúcese unha diminución con respecto ao exercicio 2018 de 4.641.890,05 euros en termos consolidados, sendo de 1.317.758,87 (-4,23%) no orzamento do Concello, e 3.324.131,18 no orzamento da XMU.

Tal e como se razoa na Memoria explicativa do orzamento da XMU, esta redución



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15

Páxina 37 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

é consecuencia da non inclusión no orzamento inicial do ano 2019 das partidas 1510.6000001 “Compra e expropiacións de bens urb. Avda. Europa” por importe de 800.000,00 euros, e 1510.6210000 “Recuperación Plan Panificadora” por importe de 2.500.000,00 euros, xa que ditos gastos fináncianse con ingresos procedentes da enaxenación de bens integrantes do Patrimonio Municipal do Solo obtidos nos exercicios 2018 e anteriores, polo que o financiamento destes gastos producirase, de ser o caso, previa tramitación da oportuna modificación de crédito conforme ao procedemento establecido na Lei de Facendas Locais que se financiará cos excesos de financiamento afectado.

Cadro: Financiamento das inversións previstas no Orzamento consolidado. Comparativa co ano 2018.

Financiamento das inversións						
Tipo de recurso	2019		2018		Diferenza 2019/2018	
	Importe	%	Importe	%	Importe	%
Recursos propios	14.043.081,88	46,59 %	17.106.198,90	49,18 %	-3.063.117,02	-17,91 %
Total recursos propios	14.043.081,88	46,59 %	17.106.198,90	49,18 %	-3.063.117,02	-17,91 %
Deputación Pontevedra	6.913.108,44	22,94 %	7.291.693,03	20,96 %	-378.584,59	-5,19 %
Fondos FEDER	2.764.381,69	9,17 %	10.303.365,48	29,62 %	-7.538.983,79	-73,17 %
Administración do Estado	5.209.629,23	17,29 %	0,00	0,00 %	5.209.629,23	100,00 %
Xunta de Galicia	1.209.166,12	4,01 %	0,00	0,00 %	1.209.166,12	100,00 %
Empresas privadas	0,00	0,00 %	80.000,00	0,23 %	-80.000,00	-100,00 %
Outros axentes	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %	0,00	0,00 %
Total financiam. alleo	16.096.285,48	53,41 %	17.675.058,51	50,82 %	-1.578.773,03	-8,93 %
Total Financiam. invers.	30.139.367,36	100,00 %	34.781.257,41	100,00 %	-4.641.890,05	-13,35 %

No expediente orzamentario non consta un anexo de investimentos propiamente dito, co contido regulamentado no artigo 19 do RD 500/1990, de 20 de abril. No entanto, a información que corresponde a dito anexo atópase no resto da documentación complementaria incorporada ao expediente. Deste xeito, o capítulo 6 componse de proxectos de inversión cuxa codificación, denominación e financiamento inclúese na Memoria e no Plan de Investimentos e Financiamento -PAIF- do Orzamento Xeral para o exercicio 2019.

Segundo a memoria e o informe económico ao orzamento, as aplicacións orzamentarias do capítulo 6 recollen as anualidades correspondentes ao exercicio 2019 dos compromisos de investimentos plurianuais adquiridos nos exercicios 2018 e anteriores.

A execución dos proxectos financiados cos créditos do capítulo de investimentos ten que dar cumprimento aos límites da Regra de Gasto e garantir a consecución do obxectivo de estabilidade orzamentaria anual, polo que debe ser prioritario facer unha planificación na tramitación destes expedientes de modo que a execución dos proxectos de gasto se acomode ás dotacións orzamentarias previstas para o exercicio, garantindo o cumprimento do principio de anualidade e evitando os riscos dunha posible inestabilidade orzamentaria derivada da necesidade de incorporar os remanentes de crédito non executados ao orzamento do exercicio seguinte. En



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15

Páxina 38 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

calquera caso, debe de terse en conta que nas Corporacións Locais, para a determinación do gasto computable –suma dos empregos non financeiros en termos do Sistema Europeo de Contas excluídos os intereses da débeda-, deducirase a parte do gasto financiado con fondos finalistas da Unión Europea e doutras Administracións públicas.

No estado de gastos do orzamento constan, entre outras, a partida 3420.6320002 “2ª anualidade e 2ª fase do campo de fútbol cabral carballal” cunha dotación inicial de 280.000,00 euros. Tal e como xa deixamos constancia nos informes ao proxectos do orzamentos xerais para os exercicios 2016, 2017 e 2018, esta aplicación orzamentaria debe referirse á previsión de realizar investimentos nunhas instalacións deportivas que non son de propiedade municipal.

A este suposto, realización de obras en terreos que non son propiedade do órgano de contratación, tense referido a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa no Informe 13/09, de 25 de setembro de 2009, nos seguintes termos:

“Una de las características del contrato de obras es que las mismas se ejecuten en un bien propiedad del órgano de contratación. A tal fin la Ley de Contratos del Sector Público en su artículo 110.1 dispone que aprobado el proyecto y previamente a la tramitación del expediente de contratación de la obra, se procederá a efectuar el replanteo del mismo, el cual consistirá en comprobar la realidad geométrica de la misma y la disponibilidad de los terrenos precisos para su normal ejecución, que será requisito indispensable para la adjudicación en todos los procedimientos, señalando el apartado 2 la excepción referida a tal requisito en los expedientes de contratación referentes a obras de infraestructuras hidráulicas, de transporte y de carreteras, en los que se dispensará del requisito previo de disponibilidad de los terrenos. Respecto de los casos de cesión de terrenos o locales el apartado 3 exige que tales cesiones se efectúen por Entidades públicas, indicando que será suficiente para acreditar la disponibilidad de los terrenos, la aportación de los acuerdos de cesión y aceptación por los órganos competentes.

La disponibilidad de los terrenos como documento incorporado al replanteo del proyecto, trámite que se verifica nuevamente en el acto de comprobación de replanteo, regulado en el artículo 212 de la Ley y en el artículo 139 del Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, tiene por finalidad garantizar que el órgano de contratación dispone efectivamente de los terrenos sobre los que se ejecutarán las obras tanto en cuanto se refiere a la instrumentación del expediente como respecto de la posición que el contratista asume en el contrato, configurándose como señalamos por tal motivo como un requisito básico del contrato de obras.

La disponibilidad de los terrenos se acredita mediante el documento de titularidad del mismo con expresión de su libre disposición previo cumplimiento, respecto de las Entidades locales, de las disposiciones establecidas al efecto en el Reglamento de bienes de las Entidades Locales, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de junio, de las que cabe destacar la obligación de inscripción del bien en el Registro de la Propiedad y la incorporación al inventario de los bienes y derechos de la Entidad local.”

En definitiva, nos contratos de obras, consonte ao disposto no artigo 236 da Lei 9/2017 LCSP, previamente á tramitación do expediente de contratación deberá procederse a efectuar o replanteo do proxecto, que consiste, entre outros extremos, en verificar a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, polo que, no caso que nos ocupa, tal dispoñibilidade requirirá a previa cesión dos bens por un período de tempo determinado.

Neste sentido, compre lembrar que a adscrición ou cesión gratuíta do uso de



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15

Páxina 39 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

bens e dereitos, cando se realice por un período de tempo indefinido ou cando menos similar á vida económica do ben, suporá para a entidade receptora o tratamento como una subvención en especie recibida, dando de alta os bens polo seu valor razoable, e contablemente realizarase un cargo á conta (21) Inmovilizacións materiais e, polo contrario, cando a cesión se realice por un período de tempo inferior á vida económica do ben, a entidade beneficiaria rexistrará un inmovilizado intanxible polo valor razoable do dereito de uso do ben cedido.

Décimo.- Estado de ingresos.

O estado de ingresos do Proxecto de Orzamento Xeral para o ano 2019, que comprende o do Concello de Vigo e o da XMU, ascende a 257.581.833,67 euros, con un incremento do 0,41% respecto ao do exercicio 2018 (+1.039.137,53 euros).

O Proxecto de Orzamento consolidado de ingresos do Concello e a XMU para 2019, así como as súas variacións por capítulos respecto ao de 2018, recóllense no seguinte cadro:

PROXECTO DE ORZAMENTO CONSOLIDADO DE INGRESOS DO CONCELLO DE VIGO E XMU (DISTRIBUCIÓN POR CAPÍTULOS)

CAPÍTULOS	PROXECTO DE ORZAMENTO 2019	ORZAMENTO 2018	VARIACIÓN % 19/18
1 IMPOSTOS DIRECTOS	108.960.818,00	107.973.311,88	0,91 %
2 IMPOSTOS INDIRECTOS	8.493.508,00	8.435.311,27	0,69 %
3 TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	40.616.825,53	39.812.438,63	2,02 %
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	79.233.196,66	75.402.392,60	5,08 %
5 INGRESOS PATRIMONIAIS	3.030.200,00	2.403.000,00	26,10 %
OPERACIONS CORRENTES	240.334.548,19	234.026.454,38	2,70 %
6 ENAXENACIÓN INVERSIÓN REAIS	0,00	3.300.000,00	-100,00 %
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	16.576.285,48	18.545.241,76	-10,62 %
OPERACIONS DE CAPITAL NON FINANC.	16.576.285,48	21.845.241,76	-24,12 %
INGRESOS NON FINANCEIROS	256.910.833,67	255.871.696,14	0,41 %
8 ACTIVOS FINANCEIROS	671.000,00	671.000,00	0,00 %
9 PASIVOS FINANCEIROS	0,00	0,00	
OPERACIONS FINANCEIRAS	671.000,00	671.000,00	0,00 %
TOTAL INGRESOS	257.581.833,67	256.542.696,14	0,41 %

Polo que se refire á estrutura do Proxecto de Orzamento de Ingresos para o ano 2019, os ingresos correntes supoñen o 93,30 por cento do total, e os de capital o 6,70 por cento, reducíndose a contía e importancia relativa dos ingresos de capital sobre os correspondentes ao exercicio precedente como consecuencia do menor importe das subvencións de capital recibidas (-1.968.956,28 euros) e, fundamentalmente, pola non



previsión de ingresos no orzamento da XMU do ano 2019 procedentes do alleamento de investimentos reais (-3.300.000 euros).

- Capítulos 1 a 3. Ingresos fiscais e asimilados.

Os Ingresos Tributarios (Capítulos 1 e 2 e artigos 30, 31, 32, 33 e 35 do Capítulo 3) son os recursos máis importantes, xa que supoñen o 57,09% por cento dos ingresos totais en termos consolidados, semellante peso relativo ao do exercicio anterior. Dentro destes ingresos tributarios, os impostos directos representan o 74,21% destes, os indirectos o 5,78%, as taxas o 19,32%, e as contribucións especiais o 0,68% restante.

Cap./Artigo	Concello	XMU	Consolidado
1	108960818	0,00	108.960.818,00
2	8.493.508,00	0,00	8.493.508,00
30	17.178.100,00	0,00	17.178.100,00
31	1.168.466,90	0,00	1.168.466,90
32	1.433.000,00	946.500,00	2.379.500,00
33	7.645.100,00	0,00	7.645.100,00
34	2.990.000,00	0,00	2.990.000,00
35	1.000.000,00	0,00	1.000.000,00
38	20.000,00	0,00	20.000,00
39	7.837.058,63	398.600,00	8.235.658,63
Totais I, II, III (1)	156.726.051,53	1.345.100,00	158.071.151,53
Tributarios (2)	145.878.992,90	946.500,00	146.825.492,90
Orzamento (3)	257.161.610,40	7.729.080,00	257.161.610,40
% (2) / (3)	56,73 %	12,25 %	57,09 %

En primeiro lugar, debe subliñarse que a estimación dos ingresos correntes presupostados (capítulos 1 a 3) realizouse sobre a base de criterios de prudencia, de maneira que os importes consignados no orzamento se aproximan aos importes que se espera recadar efectivamente, o que implica unha aproximación ao criterio de contabilidade nacional de imputación dos ingresos fiscais e asimilados polo importe total cobrado -criterio de caixa-, e evita en boa medida que a capacidade ou necesidade de financiamento da administración pública se vexa afectada polos importes dos ingresos cuxa recadación sexa incerta (Regulamento (CE) 2516/2000).

En efecto, podemos comprobar como nos cinco últimos exercicios liquidados (2013 a 2017) a recadación total, tanto de exercicio corrente coma de pechados, obtida polos capítulos 1 a 3 do orzamento de ingresos considerados no seu conxunto aproximouse aos importes inicialmente presupostados. En particular no exercicio 2017, último que conta con liquidación aprobada, a recadación superou en 2,24 millóns de euros o importe inicialmente orzamentado.

Cadros: Comparación entre recadación e previsións iniciais nos capítulos I, II e III dos orzamentos nos exercicios 2013 a 2017.

2017	PREV. INIC.	REC. CORRENTE	REC. PECHADOS	REC. TOTAL	DIFERENCIA	%
------	-------------	---------------	---------------	------------	------------	---



CAP. 1	105.386.182,34	100.330.250,48	5.888.717,88	106.218.968,36	832.786,02	0,79 %
CAP. 2	7.871.804,00	8.405.662,45	70.657,83	8.476.320,28	604.516,28	7,68 %
CAP. 3	37.245.569,63	35.628.499,12	2.425.073,01	38.053.572,13	808.002,50	2,17 %
TOTAL	150.503.555,97	144.364.412,05	8.384.448,72	152.748.860,77	2.245.304,80	1,49 %

2016	PREV. INIC.	REC. CORRENTE	REC. PECHADOS	REC. TOTAL	DIFERENCIA	%
CAP. 1	103.831.645,34	98.456.280,71	6.326.970,50	104.783.251,21	951.605,87	0,92%
CAP. 2	7.709.710,00	8.118.181,78	119.718,90	8.237.900,68	528.190,68	6,85%
CAP. 3	36.706.577,19	35.471.043,81	2.791.747,25	38.262.791,06	1.556.213,87	4,24%
TOTAL	148.247.932,53	142.045.506,30	9.238.436,65	151.283.942,95	3.036.010,42	2,05%

2015	PREV. INIC.	REC. CORRENTE	REC. PECHADOS	REC. TOTAL	DIFERENCIA	%
CAP. 1	102.241.340,00	95.724.250,18	7.318.176,71	103.042.426,89	801.086,89	0,78%
CAP. 2	6.501.120,00	8.203.868,56	97.923,76	8.301.792,32	1.800.672,32	27,70%
CAP. 3	35.251.477,40	34.326.199,95	3.175.969,49	37.502.169,44	2.250.692,04	6,38%
TOTAL	143.993.937,40	138.254.318,69	10.592.069,96	148.846.388,65	4.852.451,25	3,37%

2014	PREV. INIC.	REC. CORRENTE	REC. PECHADOS	REC. TOTAL	DIFERENCIA	%
CAP. 1	102.241.340,00	93.887.275,01	8.053.600,44	101.940.875,45	-300.464,55	-0,29%
CAP. 2	6.501.120,00	7.443.156,69	58.379,38	7.501.536,07	1.000.416,07	15,39%
CAP. 3	35.251.477,40	34.063.709,59	2.857.363,54	36.921.073,13	1.669.595,73	4,74%
TOTAL	143.993.937,40	135.394.141,29	10.969.343,36	146.363.484,65	2.369.547,25	1,65%

2013	PREV. INIC.	REC. CORRENTE	REC. PECHADOS	REC. TOTAL	DIFERENCIA	%
CAP. 1	101.703.710,00	92.224.924,69	6.438.370,03	98.663.294,72	-3.040.415,28	-2,99%
CAP. 2	6.749.060,00	6.099.230,96	300.940,86	6.400.171,82	-348.888,18	-5,17%
CAP. 3	35.051.477,40	35.420.138,83	3.090.533,72	38.510.672,55	3.459.195,15	9,87%
TOTAL	143.504.247,40	133.744.294,48	9.829.844,61	143.574.139,09	69.891,69	0,05%

Para o cálculo dos ingresos previstos no informe económico-financieiro do Presuposto de ingresos, utilizáronse as seguintes informacións:

- Os dereitos recoñecidos e liquidados no exercicio de 2017 e a recadación de cada un dos conceptos.
- A execución de ingresos durante o presente exercicio 2018.
- Unha estimación de ingresos para o ano 2019 derivada do acordo plenario de 5 de setembro de 2018.
- Ingresos extraordinarios que, previsiblemente, se obterán por procedementos de regularización tributaria: tanto polas actuacións do Servizo de Inspección de Tributos no marco do Plan de Control tributario de 2019 como polas actuacións de comprobación abreviada que realizará os Servizos de Xestión Tributaria.
- Ingresos extraordinarios relativos ao Imposto de Bens Inmóveis de Natureza Urbana derivados do procedemento de regularización catastral realizado pola Dirección Xeral do Catastro e pendentes de liquidación.
- Datos relativos a alteracións catastrais obtidas na xestión do Servizo Municipal de Xestión Catastral Delegada.
- Estimación dos importes das transferencias do Estado por cesións de tributos e fondo complementario de financiamento segundo os datos facilitados polo



Ministerio de Economía e Facenda. Previsión do importe da Participación de Ingresos da Comunidade Autónoma (PICA).

A xuízo desta Intervención, como regra xeral o cálculo dos importes que aparecen consignados nos capítulos 1 a 3 do orzamento de ingresos, e fundamentalmente as súas variacións con respecto ás dos exercicios precedentes, deberían detallarse e xustificarse pormenorizadamente no informe económico financeiro de ingresos elaborado pola dirección de ingresos, excesivamente descritivo. De calquera xeito, se tomamos en consideración os importes recadados nos últimos exercicios estímase adecuadas as previsións incluídas no orzamento.

- Fondo complementario de financiamento e Participación nos ingresos da Comunidade Autónoma.

As previsións de ingresos que proveñen da Administración Xeral do Estado, concepto 42010, que figuran no orzamento para o ano 2019, foron cuantificadas tomando como referencia as notificadas polo Ministerio de Facenda (Secretaría de Estado de Facenda e Orzamento) para a elaboración do orzamento do ano 2018, xa que na data de elaboración do proxecto de orzamento pola Dirección Superior Contable e Orzamentación, non foi oficialmente comunicada a contía correspondente ao exercicio 2019.

Concepto	Denominación	Importe
10000	Cesión de IRPF	5.320.218,00
21000	Cesión de IVE	5.260.917,00
22000, 22001, 22003, 22004, 22006	Cesión de Impostos Especiais	1.632.491,00
42010	Fondo complementario de Financiamento	65.971.424,00
		78.185.050,00

Para a estimación do importe do FCF tense en conta o importe correspondente ao ano 2018 co axuste correspondente á liquidación definitiva do ano 2016.

En canto á Participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma (PICA), mantense a contía do ano 2018 incrementada nun 5% como previsión de liquidación, polo que o importe orzamentado ascende ata 6.509.335,27 euros.

- Endebedamento.

No capítulo 9 de ingresos non aparece consignado importe algún dado que o Concello de Vigo non prevé a contratación durante o exercicio 2019 de ningunha operación de endebedamento a longo prazo para financiar as súas inversións, en congruencia co disposto no plan de investimentos e no programa financeiro.

Undécimo.- Endebedamento.

Tendo en conta, como dixemos ao longo do presente informe, que o Concello de Vigo e a XMU non teñen operacións de crédito pendentes de reembolso, o coeficiente de endebedamento é do 0,00%.

Duodécimo.- Tramitación e competencia.

De conformidade co disposto no TRLRFL, LRBRL e Regulamento orgánico do Pleno do Concello de Vigo, o procedemento administrativo a seguir na tramitación do expediente de aprobación do orzamento xeral do Concello de Vigo comprende as



seguintes fases sucesivas:

- **Aprobación do proxecto.** Aprobación do proxecto de orzamentos pola Xunta de Goberno local (art. 127.1 b) LRBRL).
- **Presentación de emendas.** Remisión do proxecto aprobado pola XGL á Comisión de Facenda cara á determinación do calendario de tramitación e apertura do prazo para a presentación de emendas polos Grupos Políticos con representación municipal.
- **Elevación ao Pleno.** Ditame da Comisión de Facenda para a posterior elevación ó Pleno da Corporación para a súa aprobación, emenda ou devolución.
- **Aprobación inicial.** Aprobación inicial do orzamento xeral polo Pleno da Corporación, por maioría simple dos membros presentes. O acordo de aprobación, que será unico, deberá detallar os orzamentos que compoñen o orzamento xeral, sen que ningún deles poida ser aprobado por separado.
- **Publicidade.** Exposición ao público do expediente por espazo de quince días, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante o que os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións perante o Pleno.
- **Aprobación definitiva.** O orzamento considerarase definitivamente aprobado si durante o prazo de exposición pública non se presentaran reclamacións; noutro caso, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

A aprobación definitiva do orzamento xeral por el Pleno da corporación haberá de realizarse antes do día 31 de decembro do ano anterior ao do exercicio no que deba aplicarse.

Se ao iniciarse o exercicio económico non houbese entrado en vigor o orzamento correspondente, considerarase automaticamente prorrogado o do anterior, cos seus créditos iniciais, sen prexuízo das modificacións que se realicen conforme ao disposto nos artigos 177, 178 e 179 desta lei e ata a entrada en vigor do novo orzamento.

- **Publicación e entrada en vigor.** Publicación do orzamento xeral definitivamente aprobado, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o integren, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e, simultaneamente, remisión de copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

No que respecta é entrada en vigor, temos que distinguir dous supostos:

- Se o edicto anunciando a aprobación definitiva publícase no BOP antes de comezar o exercicio económico no que o orzamento deba rexer, a entrada en vigor producirase o 1 de xaneiro seguinte.
- Se a publicación efectúase xa iniciado o exercicio, o orzamento entrará en vigor o día da publicación, se ben, conforme ao artigo 21.6 do RP o orzamento definitivo aprobábase con efectos do 1 de xaneiro e os créditos incluídos nel terán a consideración de créditos iniciais. As modificacións e axustes efectuados sobre o orzamento prorrogado se entenderán feitas sobre o orzamento definitivo, salvo que o pleno dispoña no propio acordo de aprobación deste último que determinadas modificacións ou axustes considéranse incluídas nos créditos iniciais, en cuxo caso deberán anularse os mesmos.

Décimoterceiro.- Do control financeiro permanente.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15

Páxina 44 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Conforme ao disposto no artigo 29 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, o control permanente exercerase sobre a Entidade Local e os organismos públicos nos que se realice a función interventora con obxecto de comprobar, de forma continua, que o funcionamento da actividade económico-financieira do sector público local axústase ao ordenamento xurídico e aos principios xerais de boa xestión financeira, co fin último de mellorar a xestión no seu aspecto económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, organizativo e procedimental.

O exercicio do control permanente comprende tanto as actuacións de control que anualmente se inclúan no correspondente Plan Anual de Control Financeiro, como as actuacións que sexan atribuídas no ordenamento xurídico ao órgano interventor.

Neste sentido, o artigo 168 do TRLRFL establece que o presidente da entidade formará o orzamento xeral e remitirao, informado pola Intervención e cos anexos e documentación complementaria, ao Pleno da corporación para a súa aprobación, emenda ou devolución, e o artigo 4.1 b) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional pola súa parte dispón que o exercicio do control financeiro incluírá, en todo caso, as actuacións de control atribuídas no ordenamento xurídico ao órgano interventor, tales como, entre outras, o informe dos proxectos de orzamentos e dos expedientes de modificación destes.

O resultado das actuacións de control permanente documentarase en informes escritos, nos que se expoñerán de forma clara, obxectiva e ponderada os feitos comprobados, as conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións sobre as actuacións obxecto de control. Así mesmo, indicaranse as deficiencias que deban ser emendadas mediante unha actuación correctora inmediata, debendo verificarse a súa realización nas seguintes actuacións de control (artigo 35.1 RD 424/2017).

Trátase, polo tanto, dunha modalidade de control preceptiva.

Conclusións.

Visto o Proxecto de Orzamento Xeral para o exercicio económico de 2019, integrado polo orzamento do propio Concello e o orzamento do organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, presentado polo concelleiro delegado de orzamentos e facenda, esta Intervención Xeral conclúe o seguinte:

- Ao proxecto de orzamento xeral acompañanse con carácter xeral os anexos e documentación complementaria esixidos nos arts. 166.1 e 168 do TRLRFL.
- O proxecto de orzamentos presentado axústase á estrutura orzamentaria da Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.
- Ningún dos orzamentos que integran o proxecto de orzamento xeral do Concello de Vigo presenta déficit inicial.
- O proxecto de orzamento consolidado do Concello de Vigo e a XMU para o ano 2019 presenta un superávit por operacións correntes de 14.593.830,12 euros, un saldo orzamentario non financeiro de 0,00 euros (equilibrio), un aforro bruto de 13.388.130,12 euros, e un aforro neto orzamentario de idéntica contía, polo que se presenta equilibrado e nivelado dende unha perspectiva orzamentaria.
- En canto aos gastos do capítulo I (Gastos de Persoal), na fase de execución e liquidación deberá verificarse o cumprimento das limitacións á contía global dos complementos específico, de produtividade e gratificacións establecidas no artigo 7 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15

Páxina 45 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

retribucións dos funcionarios de Administración Local.

Por outra parte, tendo en conta a evolución tendencial do gasto do Capítulo I nos exercicios anteriores, as dotacións iniciais das aplicacións orzamentarias 9200.1500000 "Produtividade", 9200.1510000 "Gratificacións", e 9200.1400000 "Persoal temporal non permanente", de ser o caso, deberán aumentarse ao longo do exercicio 2019 tramitando a/as oportuna/s modificacións de créditos financiadas mediante anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións do capítulo 1 non comprometidas correspondentes as prazas vacantes non cubertas e dotadas nos orzamentos, sen prexuízo da posibilidade de racionalización do cadro de persoal orzamentario mediante a amortización das prazas non necesarias, de ser o caso, e o incremento dos créditos das aplicacións deficitarias. Un informe do persoal técnico da área de Recursos Humanos e Formación obrante no expediente cuantifica en 786.549,93 € mensuais o aforro ou excedente orzamentario que supón a existencia de 306 prazas vacantes, importe que se verá parcialmente reducido a medida que se incorpore o novo persoal procedente das ofertas de emprego público en execución.

As dotacións incluídas no capítulo I do estado de gastos recollen un incremento nas aplicacións correspondentes aos conceptos retributivos do 3,27%, como consecuencia da aplicación dun incremento adicional do 0,75% aprobado no ano 2018 para as retribucións do persoal ao servizo do sector público (0,50% fixo e 0,25% adicional aprobado polo Consello de Ministros no mes de xullo de 2018 como consecuencia do cumprimento do obxectivo de crecemento do PIB, ambos previstos na LOXE para o ano 2018), e do 2,50% previsto para 2019 no "II Acordo para a mellora do emprego público e de condicións de traballo" asinado entre o Ministro de Facenda e Función Pública e os representantes dos sindicatos da Función Pública (2,25% fixo e 0,25% adicional), publicado no BOE número 74, de 26 de marzo de 2018. Este último incremento do 2,50% non poderá aplicarse nas retribucións dos empregados públicos ata que se produza a aprobación da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2019 ou norma xurídica que o autorice.

- No ano 2019 non se prevé concertar novas operacións de crédito a longo prazo, financiándose a totalidade dos gastos de capital non financeiros previstos no orzamento -inversións e transferencias de capital- con superávit corrente non financeiro e transferencias de capital.
- O proxecto de orzamento consolidado do Concello de Vigo e a XMU cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, botando unha capacidade de financiamento de 2.654.066,52€.
- Aínda que non resulta preceptivo valorar o cumprimento da regra de gasto con motivo da aprobación inicial dos orzamentos, comprobouse que se consideramos un axuste por inexecución do gasto de 18.312.333,85 euros no Concello de Vigo e de 898.153,06 na XMU, o gasto computable do proxecto de orzamento xeral do Concello de Vigo do exercicio 2019, en termos de contabilidade nacional, 214.331.193,89 €, é inferior ao límite da regra de gasto para dito exercicio, estimado inicialmente en 220.083.894,74 €, polo que o proxecto de Orzamento do ano 2019 cumpre inicialmente o obxectivo da Regra de Gasto.
- As Bases de Execución dos Orzamentos para o exercicio 2019 incorporan o contido mínimo establecido no TRLRFL e no RO.
- As aplicacións orzamentarias do estado de gastos do orzamento xeral están dotadas de forma axeitada e suficiente para facer fronte ás obrigas de carácter contractual e aquelas que se consideran necesarias para o bo funcionamento dos servizos.
- Estímanse adecuadas as previsións que aparecen consignadas no orzamento de



ingresos.

Por todo canto antecede, en cumprimento do preceptuado no artigo 168.4 do TRLRFL, esta Intervención emite o presente informe favorable ao proxecto de Orzamento xeral do Excmo. Concello de Vigo e o seu organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo para o ano 2019, elaborado pola concellería de orzamentos e facenda, facendo constar as seguintes recomendacións.

Recomendacións:

- Recoméndase tramitar os orzamentos nos prazos que marca a Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Dada a diversidade e especialidade das materias que se regulan nas Bases de Execución dos Orzamentos, resultaría recomendable que na fase de elaboración das mesmas tiveran participación ou audiencia as diferentes Áreas e/ou Servizos chamados a cumprilas.
- Durante o exercicio orzamentario, deberá extremarse o control e seguimento dos gastos financiados cos créditos do capítulo 6 (inversións), para garantir o cumprimento do principio de anualidade dos créditos, e non por en risco a estabilidade orzamentaria anual nin a superación do teito de gasto como consecuencia da tramitación de expedientes de incorporación de remanentes de crédito.”

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do 30 de outubro de 2018, acorda aprobar o proxecto de orzamentos para o ano 2018.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión extraordinaria e urxente do 30 de outubro, estableceu o calendario para a presentación de emendas e demais tramitación.

Na sesión que tivo lugar o día 7 de novembro, o Consello Social da Cidade tomou coñecemento do proxecto de Orzamentos.

Durante o prazo establecido presentáronse as seguintes emendas ao proxecto de Orzamentos municipais:

O día 7 de novembro de 2018 o grupo municipal de Marea de Vigo e do Partido Popular presentaron as seguintes emendas:

O grupo municipal de Marea de Vigo a través do seu voceiro, D. Rubén Pérez Correa, presenta, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 1912/1101 emenda á totalidade.

O grupo municipal do Partido Popular a través da súa voceira, D^a Elena Muñoz Fonteriz, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 1913/1101 presenta emenda parcial.



O Tesoureiro e Director Superior Contable e Orzamentario, Sr. Luís García Álvarez, emite con data 13.11.2017, informe sobre as emendas presentadas.

Normativa aplicable:

Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Regulamento (UE) Nº. 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (en diante SEC- 2010).

Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenrolo da Lei 18/2001, de 12 decembro de Estabilidade Orzamentaria.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Regulamento Orgánico do Pleno, aprobado o 30 de maio de 2016, publicado no BOP nº 114 do día 15/06/2016.

Orde EHA/3565, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura do orzamentos das Entidades Locais.

Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, po la que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

Informe

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria celebrada o día 30 de outubro de 2018, aprobou o Proxecto dos Orzamentos da Entidade Local e o seu Organismo Autónomo Administrativo, Xerencia Municipal de Urbanismo para o ano 2019.

A Comisión de Orzamentos e Facenda, en sesión de data 30/10/2018 en aplicación do previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, abriu o procedemento e fixou o calendario para que os grupos políticos municipais poidan presentar emendas ao Proxecto de Orzamentos aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria celebrada o día 30 de outubro de 2018. O prazo fixado comezou o día 30/10/2018 e rematou as 14,00 horas do día 07/11/2018.

De acordo ao previsto no artigo 82 do Regulamento Orgánico do Pleno (ROP), o expediente tanto físico como electrónico foi enviado á Secretaría do Pleno. Con data 30/10/2018, na liña 295 do expediente electrónico, se autoriza a todos os Concelleiros que conforman o Pleno, o acceso ao expediente coa finalidade de que poidan consultar e imprimir todos os documentos que consideren necesario para o estudo e formación da vontade sobre o pronunciamento que adopten no expediente, quedando así garantida a posta a disposición da documentación que conforma o expediente para o



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15

Páxina 48 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

estudo e a formación da vontade dos Grupos Políticos Municipais.

Seguindo o procedemento legalmente establecido, os Grupos Políticos Municipais, ao amparo do previsto no artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno (ROP), fixeron uso desta prerrogativa e presentaron emendas ao Orzamento no prazo previsto pola Comisión do que queda constancia no expediente coa data 07/11/2018 e rexistradas na data que figura nos documentos que se incorporan ao expediente físico e electrónico.

En relación coas emendas presentadas, ao marxe da súa tipificación de parciais ou a totalidade do Proxecto, e todo elo sen prexuízo do informe que poida emitir a Intervención Xeral se das mesmas se alterase o informado sobre o cumprimento do obxectivo da Estabilidade Orzamentaria, vaise informar legal e tecnicamente sobre o contido das mesmas, é si é posible, sobre a súa proposta de aceptación ou rexeitamento.

Limitacións regulamentadas no Regulamento Orgánico do Pleno

No informe de avaliación se terá en conta o contido do artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno:

1. As emendas de creación ou de incremento dos estados de gastos admitiranse a trámite se propoñen unha baixa por igual contía. As emendas de supresión ou minoración ós estados de gastos admitiranse se propoñen un incremento por igual contía.

2. Non se admitirán emendas que supoñan incrementos ó estado de ingresos. As emendas ós estados de ingresos que supoñan minoración ou supresión dos previstos, requirirán, para a súa tramitación, a conformidade da Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda que manifestará a súa posición no prazo de tres días.

3. As emendas ó articulado das Bases de execución do orzamento que supoñan creación, supresión, incremento ou minoración dos créditos deberán de ter a súa correspondente emenda ós estados de gastos e aplicaráselles a regra referida no apartado 2. Non se admitirán emendas ó articulado que supoñan aumento dos ingresos, as que supoñan diminución tramitaranse conforme ó procedemento recollido no apartado 2.

4. Incorporadas as emendas ó expediente a Secretaría Xeral do Pleno dará traslado das mesmas ao departamento municipal competente en materia de orzamentos ao obxecto da emisión do correspondente informe.

Outras limitacións de tipo legal ou de equilibrios orzamentarios

Ademais de terse que suxeitar ao contido do previsto no artigo 83 do ROP, as emendas que se presenten deberán ter en conta o cumprimento dos obxectivos previstos nas Regras Fiscais (cumprimento do obxectivos de Estabilidade Orzamentaria, Regra de Gasto e endebedamento) aprobadas polo Consello de Ministros en data de 7 de xullo de 2017 para os anos 2018-2020 en prórroga. En consecuencia, deberán respectar as seguintes limitacións:

a) Se a emenda altera o contido do informe de estabilidade orzamentaria emitido pola Intervención Xeral na que se avalía o cumprimento do obxectivo de



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15

Páxina 49 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

estabilidade orzamentaria, non se axustaría ao contido da LOEOSF, polo que tería que ser rexeitada.

b) Se a emenda altera as dotacións previstas para facer fronte aos custes dos contratos formalizados vixentes, que daría lugar a non cobertura do devengo de obrigas que emanan dos mesmos xerando un desequilibrio no proxecto do orzamento, a emenda tería que ser rexeitada.

c) Se a emenda pon ou pode por en risco obxectivo, o funcionamento operativo dos servizos, de tal xeito que, non haxa capacidade para o funcionamento normal dos mesmos pola diminución que se está a facer das aplicacións afectadas a esta finalidade, tería que ser rexeitada.

d) Se a emenda xera desequilibrios entre os recursos correntes non financeiros e os empregos correntes non financeiros, de tal xeito que, os recursos non cubran os empregos desta natureza, equilibrio este que debe manter o Proxecto que está en trámite, tería que ser rexeitada.

Solicitud de informe aos efectos de dar cumprimento ao artigo 83.5 do ROP

Aos efectos de emisión do informe técnico, a Secretaría do Pleno, incorporou as 14,00 horas do día 07/11/2018 ao expediente electrónico as emendas presentadas, sendo este o soporte documental sobre a que se está a emitir o informe.

En cumprimento do previsto no artigo 83.5, ao amparo do previsto na Resolución do Sr. Concelleiro de Xestión Municipal de data 25 de febreiro de 2016, informo.

As emendas relacionan os programas e capítulos que son obxecto de minoración, aumento ou de nova creación. Aos efectos de non reproducir no informe a identificación da estrutura orzamentaria, non se reflicten no informe, remítome para a súa identificación ao texto da emenda e ao programa.

EMENDA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

No prazo fixado pola Comisión informativa, con data 07/11/2018, rexistrada na mesma data, a Sra. Concelleira, Dona Elena Muñoz Fonteríz, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 1913/1101, presentou emenda parcial, co seguinte contido:

1.- Respecto dos ingresos: A emenda propón de rebaixa do 5% dos principais impostos no capítulo 1 e taxas no capítulo 3, para a recollida do Lixo vivendas e comerciais, propón unha bonificación do 25%. Solicita a aplicación das bonificacións potestativas.

2.- Partidas de gastos a minorar por inexecución, 9.202.410,82 euros

3.- Novas partidas, por unha contía de 7.450.000,00 euros.

4.- Partidas a incrementar, por unha contía de 2.252.000,00 euros.

5.- Adecuación retributiva entre os policías e bombeiros.

6.- Solicitar ao Goberno do Estado o financiamento para a mellora do abastecemento por unha contía de 20.000.000,00 euros.

Avaliación da emenda



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15

Páxina 50 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

A emenda presentada, dende unha perspectiva formal, axústase ao previsto no artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno, aprobado o 30 de maio de 2016, publicado no BOP nº 114 do día 15/06/2016, xa que tratándose dunha emenda incrementalista, ten a súa orixe en baixas doutras aplicacións (inexecucións previstas), estando polo tanto equilibrada formalmente, non alterando cuantitativamente os orzamentos aprobados.

1.- Respecto dos ingresos: Propón unha rebaixa do 5% dos principais impostos no capítulo 1 e taxas no capítulo 3, propondo para a RSU (vivendas e comercial), unha bonificación do 25%. Solicita a aplicación das bonificacións potestativas que regula o TRLRFL.

A emenda xustifica esta posibilidade, facendo unha comparativa anual entre os dereitos liquidados e as obrigas recoñecidas, obtendo un saldo final que segundo ese criterio posibilita a rebaixa impositiva e a aplicación das bonificacións potestativas.

En relación co anterior, esta proposta é de contido político, aínda que, tendo en conta o trámite administrativo das Ordenanzas Fiscais, non sería posible.

Non se entra tecnicamente na solicitude de rebaixa impositiva, por ser o marco legal o correspondente a tramitación das Ordenanzas e non o do expediente do Orzamento. En canto a esta emenda, xa tivo o seu tratamento no expediente das Ordenanzas e o Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 5 de setembro, rexeitou a emenda con ese contido.

Da información que reflicte a emenda, facendo unha avaliación axustada ao tratamento que hai que aplicar aos saldos orzamentarios, a comparativa que se fai entre dereitos liquidados e as obrigas recoñecidas, non sería correcta para garantir o pagamento nos prazos esixidos pola Lei de morosidade e dentro dos prazos que regula o Real Decreto 104/2017. Os dereitos liquidados non sempre se traducen en corrente financeira, do devandito saldo habería que deducir as anulacións que cada ano se tramitan de exercicio corrente e de pechados.

Como se deixa constancia na última liquidación aprobada (Liquidación Orzamentaria do ano 2017), os Dereitos pendentes de cobro a 31 de decembro do ano 2017 ascenden a 88.085.863,95 euros, que figuran nun 91,70% con dotación a saldo de dubidoso cobro, sendo 66.221.975,84 euros de pechados e 21.863.888,11 euros de corrente.

A comparativa obxectiva e real sería a de comparar os cobros de exercicio corrente e pechado e enfrontalos aos pagamentos de obrigas de corrente e pechados. Se se fai esta comparativa, as desviacións non son nin moito menos as que se reflicten na emenda.

En consecuencia, a utilización dos dereitos liquidados coas obrigas recoñecidas, non é o criterio seguido polo SEC-2010 para avaliar o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria para os capítulos 1, 2 e 3 do Orzamento de ingresos.

En relación coa bonificación en ingresos, o cálculo que se está a solicitar tería a seguinte repercusión:

Impostos

Imposto	Previsión	% Bonificación	Contía da Bonificación
---------	-----------	----------------	------------------------



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15

Páxina 51 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

IBI+BICES	68.940.000,00	5,00%	-3.447.000,00
IVTM	14.650.000,00	5,00%	-732.500,00
IAE	13.600.000,00	5,00%	-680.000,00
IIVTNU	6.400.000,00	5,00%	-320.000,00
Total			-5.179.500,00

Taxas

Taxa, art.	Previsión	% Bonif.	Contía Bonificada	Vivendas-comercio	Bonificación,25%
30	228.100,00	5,00%	-11.405,00	16.950.000,00	-4.237.500,00
31	1.168.466,90	5,00%	-58.423,35		
32	2.379.500,00	5,00%	-118.975,00		
IIVTNU	7.645.100,00	5,00%	-382.255,00		
Total			-571.058,35		-4.237.500,00

A contía total das bonificacións sen ter en conta as potestativas, sería de 9.988.058,35 euros.

En relación coas bonificacións e o seu impacto, hai un informe no expediente que o require o art.168.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no que se cuantifican as bonificacións que contén o Proxecto de Orzamento en trámite e que xa son aplicadas, en 8.070.591,00 euros

Imposto/Taxa	Importe da bonificación en vigor
IBI	4.116.491,00
IVTM	1.914.100,00
IIVTNU	1.060.000,00
IAE	215.000,00
ICIO	215.000,00
Taxas	550.000,00
Total bonificacións aplicadas	8.070.591,00

2.- Partidas de gastos a minorar por inexecucións, 9.202.410,82 euros

A emenda propón unha redución dunha porcentaxe do 6,15% por 100 do capítulo 2 do estado de gastos consolidado, por unha contía de 7.697.275,12 euros, e redución dun 5,37% no capítulo 4 do estado de gastos, cun importe a minorar de 1.505.137,70 euros.

A análise que se fai sobre as inexecucións, avalíase en termos do Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (en diante SEC- 2010) e da Regra Fiscal de Gasto regulada na Lei Orgánica 2/2012. En aplicación desta normativa, o gasto computable é en termos de obrigas recoñecidas, e así hai que facelo en aplicación do bloque normativo que lle é de aplicación. No entanto o anterior, en aplicación do artigo 173.5 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e artigo 46 da Lei 47/2003, de 26 de novembro (LGP), non poderán adquirirse



compromisos de gastos por contía superior ao importe dos créditos autorizados nos estados de gastos, sendo nulos de pleno dereito os acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan a expresada norma, sen prexuízo das responsabilidades a que haxa lugar.

É dicir, é necesario facer as dotacións orzamentarias axeitadas aos efectos de autorización e compromiso de gasto, de tal xeito que para licitar, é necesario ter unha dotación necesaria para a totalidade do gasto inicialmente autorizado para o ano. O gasto autorizado ou comprometido representan outros estados orzamentarios distintos do que corresponde a fase de recoñecemento da obriga. A contía das obrigas recoñecidas que é a tomada en consideración aos efectos de avaliar as inexecucións é menor, basicamente por dúas razóns:

1º.- Nos procesos e procedementos de contratación, estase a producir unha diferenza importante entre a contía orzamentaria da licitación e a contía da adxudicación. No entanto, como se fixo constar, o crédito orzamentario ten que ser suficiente para tramitar os procesos de licitación.

2º.- Hai parte do gasto comprometido no ano corrente que non alcanza a fase de recoñecemento da obriga no ano, queda en fase de compromiso, fase (D), e se incorpora como remanente ao ano seguinte.

En relación coa situación descrita, no ano 2018, como cada, incorporáronse remanentes de compromisos de gasto do ano precedente (Fase D ou dispoñibles si estes fosen recursos afectados). Esta contía non está no estado de recoñecemento da obriga (fase O no ano anterior), polo tanto, non é tomado en conta como gasto executado, é unha inexecución nos termos SEC-2010 e da Regra Fiscal de Gasto regulada na Lei Orgánica 2/2012, aínda que a dotación é necesaria ao marxe de que o gasto non chegue a fase (O). De aplicar o criterio proposto, non habería saldo para os compromisos pola citada contía.

En consecuencia, a proposta de redución xeral aplicable facendo a comparación entre a execución media e o orzamento en trámite, non pode ser tida en consideración, xa que aos efectos do SEC-2010 e da Regra Fiscal de Gasto regulada na Lei Orgánica 2/2012, o gasto avalíase en termos de obrigas recoñecidas, fase (O), cando a dotación ten que responder aos importes do procedemento de licitación, neste caso, ao estado de retencións de crédito, situación na que ten que estar o crédito na fase inicial de tramitación ou na de autorización do gasto, fase (A), que se corresponde co procedemento de contratación.

Así mesmo, aínda que as facturas dos contratos non cheguen a fase de recoñecemento da obriga, o saldo de créditos en fase de compromiso, teríase que incorporar, para garantir a súa tramitación e pago no ano seguinte, e as obrigas devengadas non imputadas ao orzamento, rexistráranse na conta contable 413 tanto aos efectos do cálculo do obxectivo de Estabilidade como da Regra de gasto.

A redución xeneralizada proposta destes capítulos do estado de gastos consolidado, afectaría á totalidade dos contratos.

Aos efectos de cumprimento do marco normativo, o artigo 168.1 e) do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, esixe a emisión do informe económico de gastos, que ten que acreditar a suficiencia dos créditos para atender ao cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15

Páxina 53 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

efectiva nivelación do orzamento, extremo este que está reflectido no informe económico que forma parte do expediente.

Así mesmo, de aplicar o criterio sostido na emenda, estaríase a producir un desequilibrio na formación do orzamento. O artigo 165.4 do TRLRFL, establece que cada un dos orzamentos que se integran no orzamento xeral deberá aprobarse sin déficit inicial. O artigo 168.1.g), establece como principio orzamentario a efectiva nivelación dos orzamentos, principio que non se cumpriría se se produce unha redución do gasto inicialmente proposto por unha inexecución final.

En relación coa redución do capítulo 4 por unha contía de 1.505.135,70 euros, sería de aplicación o xa informado, de tal xeito que aquelas axudas ou subvencións concedidas que non tiveran a xustificación dentro do ano quedarían sen cobertura orzamentaria. O gasto comprometido que non chegou ao recoñecemento da obriga, incorporase ao ano seguinte como remanente de crédito, distinguindo os créditos comprometidos dos computados aos efectos do SEC-2010 e da Regra Fiscal de Gasto regulada na Lei Orgánica 2/2012, que o son polas obrigas recoñecidas no ano.

O Fondo de Continxencia ten como obxectivo crear unha dotación para situacións imprevistas que posibilite as entidades poder facer fronte as mesmas dentro dos obxectivos fixados polo Goberno da Nación para a Regra de Gasto.

En relación coa previsión contida no Fondo de Continxencia, considérase dende unha análise técnica, que a súa dotación é coherente en relación coa contía do orzamento para facer fronte a situacións imprevisibles que acontezan ao longo do ano 2019, polo que, a redución dun 83,33%, non é aconsellable. De non facer aplicación do fondo para modificacións orzamentarias imprevisibles, pasará a formar parte do superávit.

3.- Novas partidas, por unha contía de 7.450.000,00 euros.

4.-Partidas a incrementar, por unha contía de 2.252.000,00 euros.

Unha vez que no apartado anterior, propónse unha redución por inexecución no capítulo 2 de 4, nos apartados 3 e 4, propón mellorar as dotacións en 9 programas orzamentarios, determinando que empregos se cualificarían como gastos ou como investimentos, facendo a cualificación a nivel de capítulo.

Dos novos empregos, a súa distribución é a seguinte:

Capítulo 6: 6.650.000,00 euros.

Capítulo 4: 100.000,00 euros.

Capítulo 2: 700.000,00 euros

Dos empregos a incrementar

Capítulo 6: 500.000,00 euros.

Capítulo 4: 1.068.000,00 euros.

Capítulo 2: 684.000,00 euros

Os recursos propostos para estes maiores empregos por unha contía de 9.702.000,00 euros, correspóndense coa redución por inexecucións que se está a propor na emenda.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15

Páxina 54 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Os empregos, coa excepción daqueles que están asociados a prestación de servizos con contratos en vigor, e os destinados a sufragar os devengos do capítulo 1, as dotacións contidas no proxecto de orzamento en trámite é a distribución funcional e económica do gasto, é unha competencia en canto a súa formación e proposta do Sr. Alcalde Presidente. É polo tanto, unha decisión que corresponde ao goberno sobre a oportunidade dos empregos dos recursos, sempre e cando haxa recursos para o seu financiamento e se de cumprimento ao previsto na LOEPSF e TRLRFL.

Hai que informar, que a redución do gasto proposta en base as inexecucións, tal e como se fai constar, avalíase en termos do SEC-2010 e da Regra Fiscal de Gasto regulada na Lei Orgánica 2/2012, non é legalmente posible. O artigo 173.5 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 46 da Lei 47/2003, establece que non poderán adquirirse compromisos de gastos por contía superior ao importe dos créditos autorizados nos estados de gastos, sendo nulos de pleno dereito os acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan a expresada norma, sen prexuízo das responsabilidades a que haxa lugar.

En consecuencia, os incrementos propostos sen recursos, xerarían un desequilibrio orzamentario, circunstancia contraria ao previsto no art. 165 do TRLRFL e artigo 3 da LOEPSF.

5.- Adecuación retributiva entre os policías e bombeiros.

Sobre este extremo, non hai unha avaliación técnica, non se pode considerar unha emenda, xa que non ten valoración económica, polo tanto, poderá ser obxecto estudo, valoración e cuantificación pola Concellería Delegada e proposta ao órgano competente se fose o caso con cargo as prazas vacantes que figuran en plantilla.

6.- Solicitar ao Goberno do Estado a cualificación de obra de interese xeral que permite ao acceso a financiamento estatal e europeo para a mellora do abastecemento de Vigo por unha contía de 20.000.000,00 de euros (Convenio con AQUAES, para a mellora da ETAP do Casal)

En relación con este apartado da emenda, non afecta ao orzamento en trámite, e estarase ao ámbito de competencias que regula a Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, no seus artigos 4 e 5.

Conclusión

A emenda presentada pola Sra. Concelleira Dona Elena Muñoz Fonteríz, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, aparentemente é formalmente correcta coa redución proposta, por axustarse inicialmente ao equilibrio que esixe o artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno, no entanto, non é posible tomala en consideración ao partires dunha situación non aplicable.

En relación cos ingresos, o Proxecto orzamentario en trámite xa contén bonificacións por unha contía 8.070.591,00 euros.

A proposta solicita unhas bonificacións adicionais, por unha contía de 9.988.058,35 euros.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15

Páxina 55 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

A xustificación que está a considerar a emenda, non se axusta aos criterios do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC), xa que os ingresos os valora tendo en conta o principio de caixa (corrente financeira), e non en termos de liquidación, polo que, non é considerado como criterio correcto.

En relación coas inexecucións, como se fixo constar no informe, as dotacións orzamentarios teñen que ser suficientes aos efectos de autorización e compromiso de gasto, de tal xeito que para licitar e cubrir os contratos en termos anuais, requírese ter unha dotación necesaria para a totalidade do gasto imputable ao ano ou proxecto se fose o caso. Esta obriga legal fai necesario ter a dotación para este estado orzamentario (Fase (A) ou (D)), estado orzamentario distinto que o estado de recoñecemento da obriga (Fase O), que computa aos efectos dos SEC-2010 e da Regra Fiscal de Gasto regulada na Lei Orgánica 2/2012. Polo que, sempre, o importe das obrigas recoñecidas é menor que o do gasto autorizado e do comprometido, que nesta última situación, poderá ser incorporado como remanente ao orzamento do ano seguinte para dar cobertura as obrigas tramitadas no ano seguinte por compromisos de ano anterior.

A emenda presenta un escenario orzamentario na que os créditos orzamentados sexan equivalentes ao das obrigas recoñecidas, o cal representa unha vulneración do artigo 173.5 do TRLRFL e do artigo 46 da LGP. Esta situación solo se cumpriría, se non houbose baixas nos procedementos de contratación, no que o importe da fase de gasto de Autorización fose igual que a de Recoñecemento da obriga, situación non prevista na normativa da Contratación Pública.

Ademais do anterior, tamén se tería que cumprir, que todos os gastos, engadidas as certificacións de obra, teñan a súa imputación no ano corrente. En consecuencia co anterior, non podería estar autorizada a incorporación de remanentes de crédito, nin tería sentido a existencia da conta contable 413, que ten reflexo contable e non orzamentario, reflectindo aqueles gastos devengados no ano que non chegaron a ter a súa imputación ao orzamento do ano.

A emenda da un tratamento similar ás dotacións orzamentarias necesarias que as dotacións que alcanzaron a fase de recoñecemento da obriga (Execución).

Sobre os apartados da emenda que corresponden coa oportunidade do goberno sobre a toma de decisión do emprego dos recursos, forma parte das decisións políticas, non sendo obxecto de avaliación técnica

De resultar rexeitada a emenda, non quedaría afectada e Estabilidade Orzamentaria, polo tanto, non require informe da Intervención, en caso contrario, se a proposta é de aceptación, terá que ser sometida a mesma ao informe do Sr. Interventor Xeral.

EMENDA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DA MAREA DE VIGO

En data 07/11/2018, o Sr. Concelleiro, Don Rubén Pérez Correa, voceiro do Grupo Municipal da MAREA DE VIGO, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 1912/1101, presentou emenda á totalidade do proxecto de Orzamento sometido a ditame da Comisión.

O Regulamento Orgánico do Pleno, aprobado o 30 de maio de 2016, publicado



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15

Páxina 56 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

no BOP nº 114 do día 15/06/2016, no seu artigo 83.1, regula as emendas a totalidade, nas que previo debate e neste caso fundadamente, suporía se fose aceptada a devolución do proxecto de Orzamentos á Xunta de Goberno Local.

O ROP non regula o procedemento de debate a totalidade, polo que, salvo acordo en contrario, terán o mesmo tratamento que o previsto para as emendas parciais.

En relación cos fundamentos da emenda a totalidade, fanse constar os seguintes:

En relación cos ingresos, aumento dos mesmos.

En relación cos gastos:

Capítulo 2, aumento do custe dos contratos.

Neste capítulo faise unha referencia ao custe da limpeza viaria que pasa de 20 e 23 millóns.

Tecnicamente hai informar, que se trata de axustes entre partidas, xa que se traslada crédito da Recollida de Residuos a de limpeza viaria:

Para avaliar o custe dúas prestacións, debemos avaliar o seu conxunto, xa no ano 2018, cuxo contrato entrou en vigor o 1 de abril, tívose que facer o axuste de créditos entre os programas que reflicten as devanditas prestacións.

A táboa reflicte os compromisos de gasto como quedaron no ano 2018 unha vez tramitada a modificación orzamentaria.

Prestación	2018	2019
Recollida lixo	8.171.447,76	7.614.923,51
Limpeza Viaria	21.611.871,98	22.537.488,41
Recollida Selectiva	1.808.942,41	1.850.593,25
Mantemento contedores e papeleiras	2.641.209,32	2.865.851,93
Outros vertidos de lixo	66.022,23	
Total	34.299.493,70	34.868.857,10

A dotación correspondente ao ano 2018, ata o 30 de marzo estaba co custe do contrato extinguido e os novos contratos, tiveron unha aplicación ao ano 2018 de 8 meses.

Compróbase que non hai variación na prestación, tratándose dun axuste entre aplicacións orzamentarias, puramente técnico.

Non se engade na táboa o contrato de traslado e tratamento de RSU a SOGAMA.

Capítulo 4, transferencias e subvencións correntes

A emenda reflicte que hai determinadas partidas de gasto social que no aumentan. Tendo en conta que as de maior relevancia que se citan son as reflectidas



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15

Páxina 57 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

no programa 2310, de Benestar Social, incorpórase unha táboa da evolución deste programa orzamentario

Ano	Importe do programa
2007	4.267.496,46
2008	5.616.092,44
2009	6.089.914,45
2010	8.397.047,18
2011	8.318.870,70
2012	9.460.965,62
2013	9.191.685,65
2014	11.541.055,35
2015	11.493.247,46
2016	13.038.882,01
2017	13.649.545,66
2018	16.258.834,47

Capítulo 6, investimentos, a emenda fai referencia a investimentos recorrentes, baixa execución anual.

Sobre a ratio de execución anual, hai que avaliar os créditos iniciais máis a incorporación de remanentes e enfrontala coa execución, xa que hai modificacións como a de incorporación do superávit, que non é obriga legalmente que a súa execución sexa no ano.

Conclusión

A emenda presentada polo Sr. Voceiro do Grupo Municipal MAREA DE VIGO, é unha emenda a totalidade sen proxecto alternativo, fundamentando a mesma en criterios políticos que non poden ser obxecto de avaliación neste informe, por tratarse de apreciacións de contido de oportunidade política que non pode ter unha avaliación técnica.

O proxecto de orzamento, ten que dar cobertura as obrigas que devenga plantilla de persoal, aos contratos en vigor cos prezos que en cada caso teñan formalizados, as transferencias obrigatorias e gastos de funcionamento operativo. Os demais recursos poden ter os empregos que o goberno considere oportunos, sempre dentro dos límites que marca a Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade financeira.

O proxecto de Orzamento que se tramita ten que someterse ao bloque de legalidade que lle é de aplicación, dando cumprimento ao principio de estabilidade orzamentaria con sometemento ao SEC-2010, sen que se poida modificar o lexislado para a administración económica nin comprender preceptos de orde administrativo que requiran procedementos ou solemnidades específicas distintas do previsto para a formación do orzamento, aspecto este que queda salvagardado tendo en conta o informe emitido pola Intervención Xeral.

A emenda terá que ser sometida a votación, se é aceptada, o Orzamento será



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15

Páxina 58 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

devolto á Xunta de Goberno Local, en caso contrario, o expediente continuará a súa tramitación.

Isto é todo o que ten que informar este técnico en relación coas emendas presentadas pola Sra. Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular e polo Sr. Voceiro do Grupo Municipal de MAREAS DE VIGO.”

Con data 9.11.2017, o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, emite a seguinte proposta,

“A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria celebrada o día 30 de outubro de 2018, aprobou o Proxecto dos Orzamentos da Entidade Local e o seu Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo para o ano 2019.

A Comisión de Orzamentos e Facenda, en sesión de data 30/10/2018 en aplicación do previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, abriu o procedemento e fixou o calendario para que os grupos políticos municipais poidan presentar emendas ao Proxecto de Orzamentos aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria celebrada o día 30 de outubro de 2018. O prazo fixado comezou o día 30/10 e rematou as 14,00 horas do día 07/11/2018.

Seguindo o procedemento legalmente establecido, os Grupos Políticos Municipais, ao amparo do previsto no artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno, fixeron uso da prerrogativa e presentaron emendas ao Orzamento no prazo previsto pola Comisión do que queda constancia no expediente coa data do rexistro das mesmas.

No informe do Sr. Tesoureiro, Director Superior Contable e Orzamentario, enuméranse as principais limitacións a ter en conta na avaliación das emendas aos efectos de respectar o contido do artigo 83.5 do Regulamento Orgánico do Pleno e de non por en risco os obxectivos de estabilidade orzamentaria e da Regra de Gasto contidos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

No prazo fixado, con data 07/11/2018, rexistrada na mesma data, a Sra. Concelleira, Dona Elena Muñoz Fonteríz, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 1913/1101, presentou emenda parcial, co seguinte contido:

- 1.- Respecto dos ingresos: propón a rebaixa do 5% dos principais impostos no capítulo 1 e taxas no capítulo 3, cunha rebaixa especial do 25% na taxa de recollida do Lixo en vivendas e establecementos comerciais. Solicita a aplicación das bonificacións potestativas.
- 2.- Partidas de gastos a minorar por inexecución, 9.202.410,82 euros.
- 3.- Novas partidas, por unha contía de 7.450.000,00 euros.
- 4.- Partidas a incrementar, por unha contía de 2.252.000,00 euros.
- 5.- Adecuación retributiva entre os policías e bombeiros.
- 6.- Solicitar ao Goberno do Estado o financiamento para a mellora do abastecemento por unha contía de 20.000.000,00 euros.

A proposta non vai entrar no detalle de cada un dos capítulos ou programas, estudo



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15

Páxina 59 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

que contén o informe técnico, e vai a reflectir as conclusións do informe emitido.

Segundo se fai constar, a emenda presentada dende unha perspectiva formal, axústase ao previsto no artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno, aprobado o 30 de maio de 2016, publicado no BOP nº 114 do día 15/06/2016, xa que tratándose dunha emenda incrementalista, ten a súa orixe en baixas doutras aplicacións, aínda que resultando legalmente inaplicable, non alterando cuantitativamente os orzamentos aprobados.

En relación coa redución de ingresos

A redución de ingresos proposta non ten efectividade, non se axustaría ao Regulamento Orgánico do Pleno, nin tería repercusión sobre as contías previstas no Proxecto do Orzamento do ano 2019, por estar avaliadas as previsións sobre unhas ordenanzas, cuxo expediente xa foi obxecto de emenda que xa foi rexeitada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 5 de setembro.

A emenda xustifica esta posibilidade, facendo unha comparativa anual entre os dereitos liquidados e as obrigas recoñecidas.

A comparativa obxectiva e real será a de comparar os cobros de exercicio corrente e pechados e enfrontalos aos pagamentos de obrigas de corrente e pechados. Se se fai esta comparativa, as desviacións non son nin moito menos as que se reflicten na emenda.

A utilización dos dereitos liquidados para comparalos coas obrigas recoñecidas, non se axusta aos criterios do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC), xa que os ingresos os valora tendo en conta o principio de caixa (corrente financeira), e non en termos de liquidación, mentres que a execución do gasto a valora en termos de obrigas recoñecidas, polo que, non é considerado como criterio correcto.

Segundo as táboas de cálculo que figuran no informe, a contía total das bonificacións solicitadas sen ter en conta as potestativas, sería de 9.988.058,35 euros.

En relación coas bonificacións que o Concello xa está a aplicar, no expediente do Orzamento está incorporado o informe, que é obrigatorio en cumprimento do previsto no art.168.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no que se cuantifican as bonificacións que contén o Proxecto de Orzamento en trámite e que xa son aplicadas, en 8.070.591,00 euros.

Partidas de gastos a minorar por inexecución, 9.202.410,82 euros.

A emenda presenta unha redución dunha porcentaxe do 6,15% por 100 do capítulo 2 do estado de gastos consolidado, por unha contía de 7.697.275,12 euros, e redución dun 5,37% no capítulo 4 do estado de gastos, cun importe a minorar de 1.505.137,70 euros.

En relación coa emenda, como se fai constar no informe técnico, as dotacións orzamentarias teñen que ser suficientes aos efectos de autorización e compromiso de gasto, de tal xeito que para licitar, requírese ter unha dotación necesaria e suficiente para a totalidade do ano e proxecto se fose o caso. Esta obriga legal fai necesario ter a dotación para este estado orzamentario (Fase (A) ou (D)), estado orzamentario distinto que o estado de recoñecemento da obriga (Fase O), que computa aos efectos dos SEC-2010 e da Regra Fiscal de Gasto regulada na Lei Orgánica 2/2012. En aplicación dos estados orzamentarios, o importe das obrigas recoñecidas é menor que o do gasto autorizado e do comprometido, que



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15

Páxina 60 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

nesta última situación, pasará a ser incorporado como remanente ao orzamento do ano seguinte para dar cobertura as obrigas tramitadas no ano seguinte por compromisos de ano anterior.

Novos empregos non previstos, por unha contía de 7.450.000,00 euros.

Empregos a incrementar, por unha contía de 2.252.000,00 euros.

Toda a fundamentación dos novos ou maiores empregos, está xustificada sobre unha hipótese de redución de empregos que non ten amparo legal. A inexecución hai que avaliala na liquidación dos orzamentos e non con carácter previo.

A emenda presenta un escenario orzamentario na que os créditos orzamentados sexan equivalentes ao das obrigas recoñecidas, o cal representa unha vulneración do artigo 173.5 do TRLRFL e do artigo 46 da LGP. Esta situación solo se cumpriría, se non houbo baixas nos procedementos de contratación, no que o importe da fase de gasto de Autorización fose igual que a de Recoñecemento da abriga, situación non prevista na normativa da Contratación Pública.

Tamén se tería que cumprir, que todos os gastos, engadidas as certificacións de obra, teñan a súa imputación no ano corrente, situación esta que é pouco probable. En consecuencia co anterior, non podería estar autorizada a incorporación de remanentes de crédito, nin tería sentido a existencia da conta contable 413, que é precisamente a conta prevista no Plan Xeral de Contabilidade Pública para aqueles gastos devengados no exercicio, cuxa factura non entrou no Rexistro de Facturas. Este gasto non computa como recoñecemento da obriga en termos orzamentarios, pero si aos efectos da Lei Orgánica 2/2012, é dicir, ten reflexo contable e non orzamentario.

O emprego dos recursos, coa excepción daqueles que están asociados á prestación de servizos con contratos en vigor, e os destinados a sufragar os devengos do capítulo 1, as dotacións contidas no proxecto de orzamento en trámite é a distribución funcional e económica do gasto (para que se gasta e en que se gasta), é unha competencia en canto a súa formación e proposta do Sr. Alcalde Presidente. É polo tanto, unha decisión que corresponde ao goberno sobre a oportunidade dos empregos dos recursos, sempre e cando haxa recursos para o seu financiamento e se de cumprimento ao previsto na LOEPSF e TRLRFL.

En relación coa adecuación retributiva entre os policías e bombeiros, está en estudo, valoración e cuantificación pola Concellería Delegada, e o órgano competente, cos informes preceptivos que se incorporen ao expediente, adoptará o acordo que proceda, sempre dentro do marco da legalidade.

En canto á solicitude ao Goberno do Estado da cualificación de obra de interese xeral que permita ao acceso a financiamento estatal e europeo para a mellora do abastecemento de Vigo por unha contía de 20.000.000,00 de euros (Convenio con AQUAES, para a mellora da ETAP do Casal), a Xunta de Galicia deberá asumir as competencias e acometer os investimentos nesta infraestrutura, que están reflectidos na planificación hidrolóxica de augas



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15

Páxina 61 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

de Galicia (Plan Auga, Sistemas grandes).

Con data 07/11/2018, o Sr. Concelleiro, Don Rubén Pérez Correa, voceiro do Grupo Municipal da MAREA DE VIGO, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 1912/1101, presentou emenda á totalidade do proxecto de Orzamento sometido a ditame da Comisión

A emenda presentada por MAREA DE VIGO, é unha emenda a totalidade sen proxecto alternativo, xustificada en valoracións políticas de oportunidade sen empregos alternativos dos recursos.

En relación ao incremento do gasto ao que fai referencia en algún dos contratos, o informe técnico deixa constancia de que non hai incremento, tan só o axuste que é consecuencia do novo contrato que entrou en vigor o 1 de abril de 2018, achégase no informe a táboa comparativa.

En relación coas referencias as partidas de carácter social, este goberno, incrementou as dotacións do programa benestar social nun 281%, datos que quedan reflectidos no informe técnico e que seguirá aumentado. O aumento dende o ano 2007 no programa de emprego foi do 124%, no de cultura, un 97,85%, en educación, un 66,16%, en deporte, un 97,55%...

Avaliadas as emendas, tendo en conta que a aportación que fan non é máis que unha valoración de cales son as súas preferencias do emprego dos recursos, propónse a Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Rexeitar a emenda presentada pola Sra. Concelleira Dona Elena Muñoz Fonteríz, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 1913/1101, por facer unha proposta de minoración dos ingresos sen ter en conta as bonificacións xa contidas no Orzamento e por aplicar un criterio de análise non coherente co Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC), que obriga a avaliar os ingresos en termos de recadación non de dereitos recoñecidos como está a facer.

Ademais, tan só cabe afirmar, que aínda de non ser aplicable, a emenda xeraría un déficit inicial do orzamento, xa que os recursos non financeiros serían insuficientes para dar cobertura aos empregos non financeiros, producíndose un incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, quedando fora do marco legal previsto na Lei Orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira e do acordo do Consello de Ministros de 7 de xullo e da ratificación feita polo Pleno do Congreso dos Deputados e do Senado nas sesións do 11 e 12 de xullo do ano 2017 en relación coas macro-variables de capacidade ou necesidade de financiamento (Estabilidade orzamentaria), Regra Fiscal de Gasto e Endebedamento.

Propón novos ou maiores empregos reducindo as dotacións actuais, non dando cobertura legal ás dotacións orzamentarias aos efectos de autorización e compromiso de gasto.

A emenda propón un escenario orzamentario na que os créditos orzamentados sexan equivalentes ao das obrigas recoñecidas, o cal representa unha vulneración do artigo 173.5 do TRLRFL e do artigo 46 da LGP. Esta premisa só se cumpriría na hipótese de que o importe da fase de gasto de Autorización fose igual que a de Recoñecemento da abriga, situación non prevista na normativa da Contratación Pública. Non podería estar autorizada a incorporación



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15

Páxina 62 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

de remanentes de crédito, nin tería aplicación a conta contable 413, que ten reflexo contable e non orzamentario, reflectindo aqueles gastos devengados no ano que non chegaron a ter a súa imputación ao orzamento do ano.

SEGUNDO.- Rexeitar a emenda presentada polo Sr. Concelleiro, Don Rubén Pérez Correa, voceiro do Grupo Municipal da MAREA DE VIGO, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 1912/1101, por non concretar unha alternativa que de viabilidade a outro modelo de xestión, tendo como finalidade paralizar a actividade municipal.

O informe técnico fai as aclaracións e matizacións pertinentes en relación co contido da mesma.

En todo caso, a evolución do gasto social deste Concello, non é discutible. Este goberno, incrementou as dotacións do programa benestar social nun 281%, en políticas de emprego o aumento foi dun 124%, en política cultural, un 97,85%, en educación, un 66,16%, en deporte, un 97,55%...

Polo tanto, a demanda xenérica que está a facer o Grupo Municipal DA MAREA DE VIGO, está contida de forma concreta e específica no Proxecto de Orzamento en trámite, e a súa evolución é constante dende a chegada deste goberno.

TERCEIRO.- Unha vez votada o rexeitamento das emendas, sométese ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa, a seguinte proposta....

De seguido o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión extraordinaria e urxente do 12 de novembro de 2018, rexeitou as emendas presentadas e ditamina favorablemente a proposta formulada.

VOTACIÓN: Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e nove votos en contra membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase de conformidade co Ditame emitido pola Comisión Informativa de Orzamentos e Facendas o seguinte,

ACORDO:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15

Páxina 63 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o ano 2019, integrado por:

- Orzamento da Entidade Local.
- Orzamento do Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo.

A clasificación e ordenación dos recursos e empregos e a seguinte:

Clasificación por Áreas de Gastos.

Clasificación por Áreas de Gastos e Capítulos

Clasificación por programas de gastos con resume por capítulos.

Clasificación por capítulos de Gastos e Ingresos.

Clasificación económica de ingresos.

O expediente contén os estados de detalle para o estado de gastos como para o de ingresos.

Todos os estados orzamentarios están referidos á Entidade e aos estados consolidados.

Achégase a información completa referida igualmente ao Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo.

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DO ESTADO GASTOS E INGRESOS DA ENTIDADE E COMPARATIVO 2018-2019

CAPÍTULO	Gastos Entidade			Ingresos Entidade		
	Importe 2018	Importe 2019	Variación %	Importe 2018	Importe 2019	Variación %
1	65.770.783,38	67.882.697,30	3,21%	107.973.311,88	108.960.818,00	0,91%
2	119.979.042,90	123.267.438,51	2,74%	8.435.311,27	8.493.508,00	0,69%
3	3.530,00	3.530,00	0,00%	38.467.338,63	39.271.725,53	2,09%
4	33.926.225,42	33.968.597,81	0,12%	76.526.805,07	80.193.073,39	4,79%
5	600.000,00	600.000,00	0,00%	2.393.000,00	3.020.200,00	26,21%
Operc. C.N.F	220.279.581,70	225.722.263,62	2,47%	233.795.766,85	239.939.324,92	2,63%
6	31.130.357,41	29.812.598,54	-4,23%	,00	,00	0,00%
7	931.069,50	980.748,24	5,34%	18.545.241,76	16.576.285,48	-10,62%
Operac. N.F	252.341.008,61	256.515.610,40	1,65%	252.341.008,61	256.515.610,40	-1,65%
8	646.000,00	646.000,00	0,00%	646.000,00	646.000,00	0,00%
9	,00		0,00%	,00		0,00%
Total	252.987.008,61	257.161.610,40	1,65%	252.987.008,61	257.161.610,40	1,65%

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE GASTOS E INGRESOS DOS ESTADOS CONSOLIDADOS E COMPARATIVO 2018-2019

CAPÍTULO	Gastos dos estados consolidados			Ingresos dos estados consolidados		
	Importe 2018	Importe 2019	Variación %	Importe 2018	Importe 2019	Variación %
1	69.712.103,38	71.949.645,30	3,21%	107.973.311,88	108.960.818,00	0,91%
2	121.690.910,43	125.158.944,96	2,85%	8.435.311,27	8.493.508,00	0,69%



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15

Páxina 64 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

3	3.530,00	3.530,00	0,00%	39.812.438,63	40.616.825,53	2,02%
4	28.102.825,42	28.028.597,81	-0,26%	75.402.392,60	79.233.196,66	5,08%
5	600.000,00	600.000,00	0,00%	2.403.000,00	3.030.200,00	26,10%
Operac. N.F	220.109.369,23	225.740.718,07	2,56%	234.026.454,38	240.334.548,19	2,70%
6	34.781.257,41	30.139.367,36	-13,35%	3.300.000,00	,00	-100,00%
7	981.069,50	1.030.748,24	5,06%	18.545.241,76	16.576.285,48	-10,62%
Operacións. N.F	255.871.696,14	256.910.833,67	0,41%	255.871.696,14	256.910.833,67	0,41%
8	671.000,00	671.000,00	0,00%	671.000,00	671.000,00	0,00%
9	,00		0,00%	,00	,00	0,00%
Total	256.542.696,14	257.581.833,67	0,41%	256.542.696,14	257.581.833,67	0,41%

RESUMO DO ORZAMENTO DE GASTOS E INGRESOS DA XMU E COMPARATIVO 2018- 2019

CAPÍTULO	Estado de Gastos			Estado de Ingresos		
	Importe 2018	Importe 2019	Variación %	Importe 2018	Importe 2019	Variación %
1	3.941.320,00	4.066.948,00	3,19%			
2	1.711.867,53	1.891.506,45	10,49%			
3				1.345.100,00	1.345.100,00	0,00%
4	1.325.512,47	1.368.856,73	3,27%	6.024.500,00	6.348.980,00	5,39%
5				10.000,00	10.000,00	0,00%
Op. Corr. NF	6.978.700,00	7.327.311,18	5,00%	7.379.600,00	7.704.080,00	4,40%
6	3.650.900,00	326.768,82	-91,05%	3.300.000,00	,00	-100,00%
7	50.000,00	50.000,00	0,00%			0,00%
Op. Cap. NF	3.700.900,00	376.768,82	-89,82%	3.300.000,00	,00	-100,00%
T. Op. N.F	10.679.600,00	7.704.080,00	-27,86%	10.679.600,00	7.704.080,00	-27,86%
8	25.000,00	25.000,00	0,00%	25.000,00	25.000,00	0,00%
Total	10.704.600,00	7.729.080,00	-27,80%	10.704.600,00	7.729.080,00	-27,80%

CLASIFICACIÓN FUNCIONAL DE GASTOS E COMPARATIVA 2018-2019

Área	Descrición	Entidade		% var.	Consolidado		% var.
		2018	2019		2018	2019	
0	Débeda Pública	,00	,00	0,00%	,00	,00	0,00%
1	Servizos Públicos básicos	128.643.501,40	130.930.124,19	1,78%	132.199.188,93	131.350.347,46	-0,64%
2	Actuación de protección e promoción social	21.492.546,72	24.127.979,87	12,26%	21.492.546,72	24.127.979,87	12,26%
3	Producción B. públicos carácter preferente	46.842.455,92	45.074.856,93	-3,77%	46.842.455,92	45.074.856,93	-3,37%
4	Actuacións de carácter económico	18.391.100,59	19.332.187,28	5,12%	18.391.100,59	19.332.187,28	5,12%
9	Actuacións de carácter Xeral	37.617.403,98	37.696.462,13	0,21%	37.617.403,98	37.696.462,13	0,21%
Total		252.987.008,61	257.161.610,40	1,65%	256.542.696,14	257.581.833,67	0,41%



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15

Páxina 65 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

SEGUNDO.- Aprobar as Bases de Execución que serán de aplicación á Entidade Local e Xerencia Municipal de Urbanismo, coa excepción da regulación propia que se aprobe para o Organismo Autónomo.

TERCEIRO.- Aprobar as Bases de Execución específicas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

CUARTO.- Aprobar o cadro de persoal e plantilla da Entidade Local e da Xerencia Municipal de Urbanismo.

QUINTO.- Aprobar o Plan de Investimento-Financiamento 2019-2022, que quedará sometido aos axustes que cada ano se estableza, producíndose a revisión do mesmo en cada ano.

SEXTO.- Someter o expediente aos requisitos de publicidade e exposición pública que regula o artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

SÉTIMO.- O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, entrando en vigor unha vez publicado na forma prevista no parágrafo 3 do artigo 169 do TRLRFL. En caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións considerárase rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

En cumprimento do previsto no apartado seis do artigo 21 do RD 500/90, o Orzamento definitivo que se aprobe para o ano 2019, terá os seus efectos dende o un de xaneiro e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais.

Se o dereito positivo de aplicación é alterado por modificación das normas citadas, ou por desenvolvemento da normativa legal ou regulamentaria, polo Pleno da Corporación acordárase os axustes orzamentarios ou de liquidación e contables que procedan mediante o axuste das magnitudes, créditos e conceptos que corresponda conforme ás normas de aplicación ou ao interese xeral.

Se a Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2019 ou outra norma de igual rango, alterase as contías nas entregas a conta para o ano 2019, se fose o caso, procederáse a facer os axustes para facer fronte aos cambios introducidos polo devandito corpo legal se estas tivesen unha repercusión negativa.

E para que así conste expido esta certificación de orde e co visto e prace do Excmo. Sr. Alcalde, coa salvidade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en Vigo á data da sinatura dixital.
am

Vº e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2018 13:15

Páxina 66 de 66

Expediente 55/142

CSV: 25E45B-CCC659-2A31CC-M3WBX7-8SV34V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>